

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de marzo de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día vinte e un de marzo de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico municipal, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(294).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do 28 de febreiro e 7 de marzo de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(295).- PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2005. EXPTE 21262/511

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 15.03.05, conformado pola directora de Ingresos, a interventora xeral e o concelleiro delegado do Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2005, que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 7598-BBB e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-39725-VE, polo importe total de 12.131.499,22 euros (doce millóns cento trinta e un mil catrocentos noventa e nove con vintedous céntimos), correspondentes a un total de 155.038 vehículos.

3(296).- CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FARO DE VIGO PARA A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL NO PROGRAMA DE SEGURIDADE VIAL DIRIXIDO AOS CIDADÁNS DA NOSA CIDADE. EXPTE 1892/101

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.05 e de acordo co informe proposta do Xefe de Servizo Administrativo de Alcaldía, do 17.02.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o borrador de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo para a participación institucional nun programa de seguridade vial dirixido aos cidadáns da nosa cidade.

En Vigo, a de de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, a Ilma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, no seu nome e representación.

Doutra parte, D. Fernando Fernández Núñez, co NIF. 36.043.911-J, que intervéen en calidade de Administrador de “Faro de Vigo, S.A.”, CIF. A-36600815.

EXPOÑEN

Faro de Vigo é o principal medio de comunicación no ámbito municipal de Vigo, no que supera polo seu número de lectores e difusión a calquera outro medio de comunicación. Ademais, é o diario decano da prensa española e portuguesa. Faro de Vigo leva contribuíndo de xeito importante ó progreso da cidade, servindo de espello de tódalas iniciativas e inqedanzas cidadás. Ademais do seu papel como medio de comunicación, Faro de Vigo serve de vehículo cultural a través da súa programación.

Faro de Vigo, baixo o título “El Rey del Volante”, presenta ó Concello de Vigo unha proposta relativa á participación institucional do Concello nun programa de Seguridade Vial. Alcaldía, por medio duna orde de servico, acepta a participación institucional do Concello ó coincidir a citada proposta cos seus obxectivos de desenvolvemento de todos os programas que redunden nun beneficio colectivo, neste caso de fomento da Seguridade Vial.

Polas razóns expostas se desenvolve este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer un marco de acordo para a colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo para a edición dun xogo relativo a Seguridade Vial, “O Rei do Volante”, que se distribuirá en 30 entregas, xunto co diario, de luns a venres, entre o vindeiro mes de abril ata antes das vacacións de verán de 2005.

Segunda.- O xogo constará dun tablero dividido en catro partes, 100 billetes (reproduccións de euros), tarxetas de saída, carnets por puntos, tarxetas de sobremesa, tarxetas preguntas, sehículos, senais de tráfico, cubiletas, dados e pegatinas.

Terceira.- A colaboración do Concello de Vigo na neste convenio será en condición de patrocinador, aportando a cantidade de 27.887 euros.

Cuarta.- Faro de Vigo, S.A. participa neste convenio en condición de patrocinador, aportando o resto do custe do proxecto, estimado nun total de 575.224 euros.

Quinta.- A contraprestación para o Concello ten carácter de publicidade institucional, na propia cidade e no seu entorno, no ámbito de difusión de Faro de Vigo. O valor desta campaña publicitaria, de realizala o Concello, tería un importe aproximado de 50.000 euros.

As actividades teñen a súa base legal no contido do apartado “m” do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Sexta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración a cantidade de 27.887 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, “Vigo 2005-2007” do orzamento en vigor.

Dita cantidades ingresarase na conta bancaria número 0097.8901.82.0602034200 do Banco de Galicia.

Sétima.- O pagamento da cantidade expresada na cláusula anterior farase contra a presentación por parte de Faro de Vigo das facturas orixinais correspondentes a cantidade total subvencionada.

Oitava.- Coa documentación detallada na cláusula anterior deberase xuntar unha certificación de cumprimento, que deberá ser asinada polo xefe de Relacións Públicas e Protocolo do Concello de Vigo, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.

Novena.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para tomar as medidas que conduzan ó seu cumprimento.

Décima.- Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calquera das partes.

Décimo primeira.- O presente convenio rematará no intre en que sexan aboadas as facturas ás que se fan referencia na cláusula sétima. En calquera caso, a vixencia deste convenio rematará o día 31 de decembro do ano 2005.

De acordo ámbalas dúas partes co contido do presente convenio, asinan o mesmo por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

4(297).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA. Nº 149/04 INTERPOSTO POR ALIANZA Y BARROS, S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN FRONTE A SANCIÓN IMPOSTA Á DEMANDANTE POR REALIZAR ACTIVIDADE FUNERARIA SEN AUTORIZACIÓN. (EXPTE 5489/255). DESESTIMADA.

Dáse conta da sentenza de data 23.01.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no recurso de referencia que falla o seguinte:

Desetimo o recurso contencioso-administrativo formulado por ALIANZA Y BARROS, S.A., fronte a resolución do 12 de novembro de 2003 dictada no expediente sancionador 5489/255-03, ao considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza Xeral Reguladora da Actividade funeraria no termo municipal do Vigo (B.O.P. de 15.11.2000) por operar dentro do termo municipal de Vigo clandestinamente sin contar coa licencia ou autorización no seu caso que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, acto que declaro conforme a Dereito, sen pronunciamento na materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento municipal de Cemiterios.

5(298).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO RCA Nº266/04 INTERPOSTO POR SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS CONTRA RESOLUCIÓN DO 28.05.04 DESESTIMATORIA DO REC. REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓNS DE TAXAS POR RESERVA DE APARCAMENTO-EXERCICIO 2004. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.02.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación da SOCIEDADE ESTATAL CORREOS E TELÉGRAFOS fronte a resolución do Concello de Vigo de 28.05.04 desestimatoria de recurso de reposición formulado pola Sociedad Estatal de Correos e Telégrafos S.A., contra as liquidacións das taxas por reserva de aparcamento nas rúas Gran Vía, 100 e García Barbón, 40, aprobadas polo Concello cos números 47003122 e 47003123, por importes de 166,98€ e 58,08 €, correspondente o exercicio 2004, acto que se declara contrario a Dereito, co seu conseguinte anulación, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Administración de Tributos-Tributos especiais.

6(299).- SENTENZA DO TSXG NO RCA Nº03/7070/2000 INTERPOSTO POR A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 08.09.99 QUE INADMITE O RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O PADRÓN DO IBI DO ANO 1999 (BOP 10.05.99). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.12.04, dictada pola Sección Segunda da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto polo letrado D. RAMON COSTAS ALONSO, en representación da Autoridad Portuaria de Vigo, contra o acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, adoptado en sesión de data 23 de xullo de 1999, polo que se declara a inadmisibilidade do recurso de reposición que formulara a entidade recorrente, Autoridade Portuaria de Vigo, contra o Padrón do imposto sobre bens inmobles correspondente ao exercicio 1999, non facemos imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Tributos-IBI.

7(300).- SENTENZA TSXG NO RCA Nº 03/8768/2000 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 14.09.00 QUE INADMITE O REC. DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O PADRÓN DO IBI DO ANO 2000 (BOP 08.06.00).DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.12.04, dictada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola productora D^a. Irene Cabrera Rodríguez, en representación da autoridade Portuaria de Vigo, contra resolución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, de data 14 de setembro de 2000, polo que se declara a inadmisibilidade do recurso de reposición formulado pola Aurtoridade Portuaria de Vigo “contra o Padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana correspondente ao ano 2000, publicado no BOP nº 109 de 8-6-2000, e no nº 119 do 22-6-2000, substituíndo a primeira publicación”, e impoñemos á Autoridade Portuaria de Vigo as custas procesales.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Tributos-IBI.

8(301).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 237/04 INTERPOSTO POR D^a M^a JESÚS MARTÍNEZ JUNCAL CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR UNHA CAÍDA NA BEIRARRÚA DA ZONA DE SAMIL (EXPTE Nº 16470/240) ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.02.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Con estimación parcial do presente recurso contencioco-administrativo núm: PA 237/04 interposto por MARÍA JESÚS MARTÍNEZ JUNCAL contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da súa

reclamación de responsabilidade patrimonial da data 22.08.03, declaro dita resolución contraria a Dereito, condenando a Administración demandada a aboarlle a actora a cantidade de 2.210,25€, máis os xuros legais devengados por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa, sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos municipais de Patrimonio e Intervención-Tesourería.

9(302).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO RCA Nº367/04 INTERPOSTO POR “POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA, S.A.” EN RELACIÓN COA A RESOLUCIÓN SANCIONADORA DO 27 DE AGOSTO 2004 POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA.DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.02.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil Pompas Fúnebres Pontevedra S.A., contra a resolución do concelleiro-delegado do Concello de Vigo data 06.10.04, desestimatoria do recurso deducido contra outra resolución da citada autoridade municipal de data 27 de agosto de 2004, pola que se impón á entidade mercantil recorrente a sanción de multa de 1803,04 euros por ser responsable dunha infracción moi grave prevista na Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no termo municipal de Vigo por considerala conforme a dereito, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Cemiterios.

10(303).- SENTENZA DO TSXG NO RCA Nº 02/4713/01 INTERPOSTO POR FERROVIAL AGROMAN, S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE PAGAMENTO DE XUROS DE MORA SOBRE CERTIFICACIÓN DE OBRA DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO E COLINDANTE. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 20.01.05, dictada pola Sección Segunda da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administración por “FERROVIAL AGROMAN, S.A.” contra resolución desestimatoria do Concello de Vigo de 21.03.01, de

pago de cantidades de xuros de mora relativas a certificación da obra Proyecto de rehabilitación da antiga casa do Concello e a colindante para a ampliación Fundación Penzol; sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio Histórico e Intervención.

11(304).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO RCA Nº 221/04 INTERPOSTO POR Dª Mª CARMEN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ CONTRA A RESOLUCIÓN DO 15.09.04, ORDE DE EXECUCIÓN POR RAZÓNS DE SEGURIDADE. (EXPTE 12723/423). DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 17.02.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á Procurador Dna. Maria Jose Carrazoni Fuertes en nome e representación de Dna. María Concepción Fernández González, por desistida na prosecución do presente procedemento. Sen custas

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta aos departamentos de Disciplina e Barrios Históricos da X.M Urbanismo deben coñecer o resolto.

12(305).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº227/04 INTERPOSTO POR D.FRANCISCO PAZOS CASTRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. (EXPTE 16/243 de 2003). DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 9.02.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra reclamación de responsabilidade patrimonial derivada dun accidente acaecido a consecuencia de introducir unha roda do vehículo nin sumidoiro pola falla da correspondente tapa. O Auto dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á procuradora Dna. Mercedes Pérez Crespo en nome e representación de D. FRANCISCO PAZOS CASTRO por desistidos na prosecución do presente procedemento e o seu arquivo.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

13(306).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 228/04 INTERPOSTO Dª Mª ISABEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ CONTRA

DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. (EXPTE 16446/240).DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 11.02.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial derivada dun accidente acaecido por mor de introducir unha roda do vehículo nun sumidoiro pola falla da correspondente tapa, que dispon o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao procurador Ticiano Atienza Merino en nome e representación de María Isabel González González, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

14(307).- AUTO DO TSXG. NO RCA Nº 02/5139 INTERPOSTO POR “POMPAS FUNEBRES DEL CONDADO S.L.” CONTRA ACORDO DO PLENO DE 27.09.01 SOBRE A NOVACIÓN CONTRACTUAL DE EMORVISA. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 19.01.05, dictado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra acordo de 27.09.01, sobre novación do contrato de constitución da Empresa Mixta de Servizos Mortuorios de Vigo S.A. (EMORVISA), solicitada pola Entidade Mercantil “Funeraria Viguesa S.A.”. O Auto dispón o seguinte:

Acéptase o desestimento do presente recurso realizado pola recorrente “Pompas Funebres do Condado, S.L.” e declarase rematado o procedemento. Procédase o arquivo dos autos e a devolución do expediente administrativo ao órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Servizo de Cemiterios e Servizos Funerarios.

15(308).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 08/9885/2004 INTERPOSTO POR Dª M.C. CABALEIRO RODRÍGUEZ E OUTROS CONTRA SENTENZA DO TSXG EN RELACIÓN COA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DE BENS PARA EXECUTAR O “PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE CANLES”. DESERTO O RECURSO DE CASACIÓN.

Dáse conta do auto de data 17.12.04, dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Declara deserto o recurso de casación preparado por Dª Mª del Carmen Cabaleiro Sánchez, D.Antonio Álvarez Iglesias e D.Antonio Martín Sánchez contra a resolución dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sec. 3 nos autos núm. 7684/2001, con devolución á mesma das actuacións recibidas; non se fai expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta aos departamentos de Medio Ambiente e Xestión de XMU

16(309).- AUTO DO TSXG NO RCA Nº02/4927/2003 INTERPOSTO POR PARKING ROSALÍA DE CASTRO, S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REPOSICIÓN CONTRA CONVENIO CONCELLO-CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (EXPTE 234/01). TERMINADO O PROCESO POR RECOÑECIMENTO.

Dáse conta do auto de data 18.02.05, dictado pola Sección segunda da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Declarar rematado o presente recurso procedemento ordinario 0004927/2003 interposto por PARKING ROSALIA DE CASTRO, S.L. contra o acordo de 28.04.03, que se desestima o recurso de reposición interposto contra o convenio suscrito entre o Concello e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a construción de aparcamentos subterráneos (Expte. 234/01) dictado por Concello de Vigo, sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación.

17(310).- AUTO DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4292/2003 INTERPOSTO POR EMORVISA, CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA 40/2002 INTERPOSTO POR POMBAS FÚNEBRES DEL MIÑOR SOBRE ACTIVIDADE FUNERARIA. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 19.01.05, dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Ter por desistido ao Concello de Vigo do recurso de apelación interposto contra a sentenza dictada con data 08.04.03 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Se impón a dita parte as custas derivadas do seu recurso de apelación.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Servizo de Cemiterios e Sevizos Funerarios.

18(311).- AUTO TSXG NO RCA Nº 02/4007/2002 INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VALADARES CONTRA A INACTIVIDADE NA OBRIGA DE PAGO DOS CANONES ANUAIS DE 1995 A 2000. REMATADO O PROCESO

Dáse conta do auto de data 18.02.05, dictado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que dispón seguinte:

Declarar rematado o presente recurso procedemento ordinario Parroquia de Valladares contra inactividade na obriga do pagamento dos canones anuais dos anos 1995 a 2000 dictado polo Concello de Vigo; sen facer imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Montes.

19(312).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE.: 2/1123, 2/1051, 12/1062, 12/1078, 3/813 E 3/864.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do Xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Waldo Carrizo Dominguez. Expte 2/1123.
- D^a Mercedes González Durán. Expte 2/1051.
- D^a Generosa Alen Muras. Expte 12/1062.
- D^a Maxima Marinez Bastos. Expte 12/1078.
- D^a Elvira Núñez Garcia. Expte 03/813.
- D^a Carmen Vilas Araujo. Expte. 03/864.

20(313).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP COUTABA BEADE DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR COUTADA BEADE O DÍA 3.04.05 ARREDORES DO COLEXIO. EXPTE. 5145/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director do IMD, do 1.03.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao ANPA do CEIP Coutada Beade a celebrar o vindeiro día 3 de abril de 2005 o cross escolar Coutada Beade, que descorrerá na zona do colexio Coutada Beade e arredores do mesmo, entre as 9:30 h. e as 13:30 h.

21(314).- AMPLIACIÓN DA ADHESIÓN AO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 5193/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 7.03.05, que di o seguinte:

O Pleno municipal de data 24/11/2003, aprobou a adhesión do concello de Vigo ao IV Convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a construción e reforma de instalacións deportivas no período 2004-2006, tal e coma se establece no punto primeiro do acordo plenario, co fin de construír un campo de fútbol de herba sintética na Madroa.

A adhesión a este convenio non limitaba o investimento deportivo a realizar pola Xunta de Galicia en Vigo, senón que se deixaba a porta aberta á ampliación das actuacións a outras instalacións deportivas de interese para a cidade.

Así, e segundo o estipulado no punto 7º do Acordo de adhesión, procede ampliar o devandito convenio ás instalacións seguintes: construción dun campo de fútbol de herba artificial en Navia, construción dun campo de fútbol de herba artificial en Barreiro e a mellora do campo de fútbol municipal do Monte da Mina-Castrelos.

Con relación á construción dun campo de fútbol de herba sintética en Navia, cabe dicir que se leva tempo cunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), co fin de unificar as diferentes parcelas para uso deportivo nunha sola zona, que está pendente da correspondente resolución e da posterior incorporación deses terreos ao patrimonio municipal.

Por todo o exposto, en uso das competencias que lle son propias, segundo o establecido na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola Concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local. Consta no expediente certificación de Intervención de consignación de crédito por importe de 95.000 €

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Solicitar a ampliación do IV Convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, sobre instalacións deportivas, ao que se adheriu o concello de Vigo en acordo plenario de data 24/11/2003 para as seguintes actuacións: construción dun campo de fútbol de herba artificial en Navia, construción dun campo de fútbol de herba artificial en Barreiro e a mellora do campo de fútbol municipal do Monte da Mina-Castrelos.

2º.- Poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos precisos para a execución das obras de construción de campos de fútbol de herba artificial en Navia e Barreiro e a mellora do campo de fútbol municipal do Monte da Mina-Castrelos. Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición serán aptos urbanísticamente para a execución das obras pretendidas e atoparanse urbanizados, quedando pendente a parcela de Navia da resolución da reforma puntual do PXOM.

3º.- No uso das instalacións deportivas, ás que se refire a ampliación do Convenio, estarase ao abeiro do disposto na cláusula 10-5 do mesmo.

4º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo por conta deste a totalidade dos gastos xerados por estas.

5º.- Facúltase a Ilmo/a Sr/a Alcalde/sa Presidente/a co Concello de Vigo, tan amplamente coma en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións ás que se refire este Acordo. O referido acto comportará a incorporación das obras ao patrimonio municipal.

6º.- Compromiso de que por parte da Xerencia municipal de Urbanismo se tramite e outorgue, no seu día, a licenza municipal legalmente prevista para a execución das obras.

7º.- Esta ampliación do Convenio comportará un investimento por parte do Concello de Vigo de 95.000 € co fin de mellorar o equipamento deportivo da cidade.

22(315).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO XI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1470/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.03.05 e de acordo co informe proposta da técnica de administración especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, conformado pola concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de participación no XV Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo” que de seguido se transcriben.

BASES DE PARTICIPACIÓN NO XI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO ”

1. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural vai programar o XI Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo”, creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular a todas e todos os veciños do termo municipal.*

Por este motivo, ofértase un espectáculo folclórico a cinco escenarios ou recintos de actuación para acoller a presente edición do festival, concretamente os días 15, 17, 18, 19 e 21 de xullo.

2. *Poderán inscribirse todas aquelas entidades ou asociacións de carácter socio-cultural de Vigo que estean interesadas en acoller un destes espectáculos.*
3. *A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; o prazo será dende o 18 ao 30 de abril, ambos inclusive.*

De haber máis solicitudes que cumpran os requisitos previstos nestas bases, que espectáculos ofertados (un total de cinco), a admisión realizarase segundo a seguinte orde de preferencia:

- a) *Aquelas entidades que solicitaron a súa participación na edición anterior (ano 2004) e quedaron como suplentes, e non recibiron o festival. Non se entenderá como tal, aquelas entidades que renunciaren a albergar o festival, calquera que sexa a causa da renuncia. En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os cinco espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- b) *De haber vacantes, aquelas entidades que non solicitaron a súa participación na edición anterior do festival (ano 2004). En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- c) *De seguir habendo vacantes, realizarase un sorteo público entre os restantes solicitantes para decidir as entidades beneficiarias.*

Estes sorteos terán lugar o día 6 de maio na Casa do Concello, a partir das 12'00 horas, e servirán para decidir a orde dos suplentes, de ser o caso.

Tamén, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir cal entraría no sorteo definitivo.

- 4. *En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado polo Concello de Vigo poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria; así mesmo, non poderá aparecer publicitado en relación con outros espectáculos ou actividades.*
- 5. *As condicións que imprescindiblemente deberá reunir o recinto de actuación de cada entidade ou asociación serán as seguintes:*
 - a) *Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m de largo x 1 m de alto.*
 - b) *Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 “wattios”.*
 - c) *Cadeiras necesarias segundo a súa capacidade. Neste apartado hai que subliñar que dende a Concellaría de Festas xa non existe o préstamo de cadeiras.*
 - d) *Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potabel, perchas, espellos e cadeiras.*

En caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola entidade ou asociación posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de “Observacións” do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar para tal efecto (por exemplo: solicitude do enganche oficial, alugueiro de escenario ou camerinos eventuais, etc.). A presentación da solicitude de participación supón o compromiso da entidade de cumprir con todas estas necesidades e requisitos.

- 6. *Membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas*

recomendábeis. Neste caso, tras a resolución do concelleiro, o festival pasaría ao primeiro dos suplentes e así sucesivamente.

7. O Concello de Vigo, a través da organización achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:
 - a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
 - b) Tres grupos folclóricos.
 - c) Elementos publicitarios (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
 - d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.
8. A entidade ou asociación beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Concellaría de Festas e a comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.
9. A hora de comezo de todos os festivais será ás 21'30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.
10. Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore, preferentemente galego, que disporán dun tempo máximo de actuación de vinte minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Concellaría de Festas antes do día 18 de xuño, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.
11. A data de realización de cada un dos cinco espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Concellaría de Festas e pola comisión organizadora do festival, ou, se así o decidisen, mediante un sorteo público en data e hora que determinará no seu momento e que se lles comunicaría ós/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.
12. Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria, coa colaboración da comisión organizadora, deberá cubrir unha ficha que lle será facilitada e que incluírá datos e incidencias acerca do espectáculo.
13. En caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.
14. O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

23(316).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA POR IMPORTE DE 2.404 € A D. JOSE VALEIJE CARPINTERO, TITULAR DE LICENZA DE EUROTAXI (TAXI ADAPTADO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍAS). EXPTE. 70706/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 28.02.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar á concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 EUROS, ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 128, D. José Valeije Carpintero, con D.N.I 34.620.123-V, para contribuir aos maiores custos do citado servicio, con cargo ao vixente orzamento, partida 22204700000 da area de Mobilidade e Seguridade.

24(317).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA POR IMPORTE DE 2.404 € A D. FRANCISCO LUIS GONZÁLEZ, TITULAR DE LICENZA DE EUROTAXI (TAXI ADAPTADO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍAS). EXPTE. 70707/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 28.02.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar á concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 EUROS, ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 307, D. Francisco Luis González, con D.N.I 34.720.508-F, para contribuir aos maiores custos do citado servicio, con cargo ao vixente orzamento, partida 22204700000, Subvencións elementos de seguridade e outros de taxis, da area de Mobilidade e Seguridade.

25(318).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE CULTURA E FESTAS DE BEIRÁN DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA NOSA SRA. DA SOIDADE OS DÍAS 2 E 3 DE ABRIL DE 2005 EN MATAMÁ. EXPTE. 70628/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 21.02.05, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACION DE CULTURA E FESTAS DE BEIRÁN, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE NOSA. SRA. DA SOIDADE, os vindeiros 2 e 3 de abril de 2005 en Beirán, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Nosa Sra. da Soidade.

- Horario máximo autorizado 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

26(319).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA OS DÍAS 2 E 3 DE ABRIL DE 2005 EN RÚAS DO CASCO VELLO. EXPTE. 70467/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 14.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL CASCO VELLO para a ocupación da vía pública con motivo da celebración da Festa da Reconquista, en Praza Constitución, Joaquín Yáñez e Rúa Triunfo os días 2 e 3 de abril do ano en curso.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Horario autorizado: Até as 3,00 horas.
- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

27(320).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS DE SANTIAGO DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA OS DÍAS 2 E 3 DE ABRIL DE 2005 NA 1ª TRAVESÍA DE SANTIAGO DE VIGO. EXPTE. 70766/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 14.03.05, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS DE SANTIAGO DE VIGO para a ocupación da vía pública con motivo da celebración da Festa da Reconquista, na Primeira Travesía de Vigo, os días 2 e 3 de abril do ano en curso,.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Horario autorizado: Até as 3,00 horas.
- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

28(321).- PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2376/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 16.03.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 12 de xaneiro este Servizo de Participación Cidadá informou a aprobación inicial do proxecto do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá que se achega ao presente expediente, proxecto que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24.01.05.

Previo a aprobación da norma polo Pleno do Concello, a Comisión informativa de Xestión Municipal de data 24.01.05 acordou someter o documento ao dictame previo da Consello Sectorial de Participación Cidadá.

Trala exposición da norma ao devandito consello sectorial na sesión do 15.02.05, acordouse a apertura de un novo prazo de suxestións ata o pasado 1 de marzo, no cal se presentaron sendos escritos da Federación de AA.VV. Eduardo Chao (doc. 50020403) e grupo político municipal do BNG (doc. 50020974) que se achegan ao expediente; sendo remitidas as mesmas xunto co expediente ao Secretario do Pleno para o seu estudio e coñecemento da comisión política designada ao efecto.

Trala reelaboración da proposta ca incorporación das suxestións estimadas e as formuladas por este Servizo de mediante escrito de data 09.02.05 (correccións dos artigos 7º.2, 20º.1, 24º.apartado primeiro, 25º.apartado primeiro, 30º.2, 33º.3, e 41º.1 e 2) se mellora en aspectos puntuais o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, polo que procede a súa consideración segundo nova redacción que se achega como anexo a esta proposta.

En virtude do indicado este Servizo de Participación Cidadá, previo a nova aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo, coio texto integro figura como documento anexo ao presente acordo.

Segundo: Someter o citado Regulamento a información pública e audiencia a os interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamación e suxestións, mediante a inserción do correspondente anuncio no BOP. de Pontevedra e no taboleiro municipal de edictos. Transcorrido o prazo mencionado sen que houbera presentado reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo.

Terceiro: Aprobado definitivamente o Regulamento, publicarase integramente o acordo e o texto no BOP, entrando en vigor unha vez transcorridos 15 días a partir da súa publicación.”

Acordo

A Xunta de Goberno, visto o precedente informe proposta acorda:

1º.- Aprobar as modificacións propostas do proxecto de Regulamento orgánico de Participación Cidadá aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 24.01.05 (correccións dos artigos 7º.2, 20º.1, 24º.apartado primeiro, 25º.apartado primeiro, 30º.2, 33º.3, e 41º.1 e 2), quedando redactado como se transcribe de seguido.

2º.- Segundo.- Remitir o proxecto de Regulamento orgánico de Participación Cidadá e o expediente tramitado, no que consta a devandita proposta, ao Pleno do Concello para a súa aprobación inicial, enmienda ou devolución previo informe do mesmo pola Comisión Informativa correspondente.

PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vigo pretende desenvolver unha normativa que regule os dereitos de participación cidadá e os tamén participativos das entidades cidadás que, sen ánimo de lucro e representando intereses económicos, profesionais, científicos, deportivos, culturais e outros análogos se constitúan para coadxuvar no obxectivo público de impulso e mellora da calidade de vida dos veciños.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través das organizacións e entidades cidadás, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da actuación municipal. Esa participación, xunto coa eficacia e a transparencia na xestión, permítelle a un concello aberto e democrático impulsar unha actuación ao servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socio-económico da cidade.

Esta cooperación atopa o seu marco idóneo na participación nos asuntos políticos e na información, principios que motivan o achegamento entre o cidadán e a Administración Local na procura dunha máis áxil resposta aos problemas cotiáns e principios que, á súa vez, informan tanto a Carta Europea da Autonomía Local como a Constitución de 1978.

O presente regulamento reflecte e fai efectivos os principios mencionados tendo en conta a regulación que deles menciona a Lei 7/1985, do 2 de abril.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- Ámbito obxectivo de aplicación.

O obxecto da presente norma é o establecemento das formas, dos medios e dos procedementos de información e a regulación dos órganos axeitados para a efectiva participación das e dos veciños e entidades cidadás na vida pública local, tanto no ámbito do concello no seu conxunto como no dos distritos nos que se vertebra e desconcentra, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 2º.- Finalidade do regulamento.

Os obxectivos que se pretenden acadar co presente regulamento, que teñen carácter de principios básicos e criterios de actuación, son os seguintes:

- 1.-Facilitar e promover a iniciativa e participación das e dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas aos órganos establecidos pola lei e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.*
- 2.-Facilitar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.*
- 3.-Crear os órganos e mecanismos que garantan as posibilidades de consultar aos veciños, de conformidade co establecido no artigo 70-bis da LRBRL.*
- 4.-Fomentar o asociacionismo cidadán.*
- 5.-Achegar a xestión municipal ao cidadán.*
- 6.-Garantir a solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios e parroquias que se integrarán nas xuntas de distritos municipais.*

Artigo 3º.- Obxectivos metropolitanos

Sen prexuízo das iniciativas que neste senso promova a Área Metropolitana o Concello de Vigo impulsará a implicación e participación ampla e plural da cidadanía e dos distintos sectores sociais en asuntos de transcendencia supramunicipal ao fin de crear unha conciencia crítica e de progreso que coadxuve a conseguir uns obxectivos que sirvan de soporte para un desenvolvemento estratéxico da cidade e do seu contorno.

TÍTULO I: DA INFORMACIÓN MUNICIPAL.

Artigo 4º.- Dereitos á información.

O Concello garántelles aos veciños e veciñas o seu dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais, de acordo coas disposicións legais vixentes e a presente normativa. As informacións serán facilitadas no idioma galego agás petición expresa en contrario.

Todas e todos os cidadáns teñen dereito a:

1.-Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que ostenten a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.

2.-Identificar as autoridades e o persoal ao servizo da Administración Municipal Local baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.

3.-Obter copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais, así como a devolución destes, salvo cando os orixinais deban obrar no procedemento. Nos distintos procedementos administrativos evitarase en todo momento requerimentos aos interesados ao obxecto de que aporten datos ou documentos que xa constan en poder da administración municipal.

4.-Formular alegacións e achegar documentos en calquera fase do procedemento no que ostenten a condición de interesados, anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

5.-Obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impongan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

6.-Acceder aos rexistros e arquivos da administración municipal nos termos previstos na lexislación vixente.

7.-Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

8.-Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos da Administración Municipal e dos seus antecedentes.

9.-Exercer calquera outro que lles recoñeza o ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- Medios de información.

1.-O Concello informará aos veciños e ás veciñas da súa xestión a través dos medios de comunicación social e municipal, e mediante a súa páxina web; publicación de bandos; anuncios en taboleiros e paneis informativos; organización de actos informativos e cantos outros medios se consideren necesarios. Así mesmo recollerase a opinión dos veciños e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

2.-As normas, acordos, e, en xeral, as actuacións municipais, serán divulgadas da forma máis sinxela e apropiada para que poidan ser coñecidas polos cidadáns a fin de que poidan exercer os seus dereitos e cumprir as súas obrigas.

3.-O Concello fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación mediante unha páxina web que permita:

- Facilitar ao máximo as xestións co Concello, posibilitando a realización de trámites administrativos.
- Mellorar a transparencia da Administración, incorporando á rede toda a información de carácter público que xera na cidade.
- Potenciar a relación entre administracións a través de redes telemáticas para beneficio das e dos cidadáns.
- Facilitar a presenza das entidades cidadáns.

Artigo 6º.- Peticións de Información.

1.-Os cidadáns poderán solicitar por escrito información sobre as actuacións municipais e os seus antecedentes e, en xeral, sobre todos os servizos e actividades municipais. As peticións de información deberán ser razoadas, salvo que se refiran á obtención de copias e certificacións de acordos municipais e antecedentes destes.

2.-Cando a solicitude faga referencia a asuntos da competencia doutras administracións públicas, a Oficina Municipal de Información dirixiralla a quen corresponda, dando conta deste extremo ao interesado.

3.-As peticións de información contestaranse no prazo máximo dun mes. Caso de non ser posíbel dar resposta á solicitude no tempo establecido, o departamento receptor está obrigado a dar a razón da demora.

Artigo 7º.- Acceso aos rexistros e arquivos.

1.-As e os cidadáns terán acceso á documentación dos arquivos e rexistros municipais, para informarse de actividades e asuntos relativos a competencias municipais, para o cal deberán acreditar un interese sobre estes. A petición deberá facerse de forma razoada a través do Rexistro Xeral do Concello ou seus rexistros auxiliares.

2.-O acceso á información terá lugar no prazo máximo dun mes. A data deberá ser comunicada cando menos con dous días de antelación.

3.-O retraso no cumprimento do tempo establecido deberá estar motivado e deberá comunicárselle por escrito á persoa interesada. A imposibilidade de acceso só poderá ser xustificada por razóns legais ou forza maior.

Artigo 8.- Información acerca dos procedementos.

1.- Os cidadáns teñen dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e a obter copias dos documentos contidos neles, así como a recibir información e orientación acerca dos requisitos esixidos para as actuacións que se propoñan realizar.

2.- O mesmo dereito a obter información e orientación corresponderalles respecto aos procedementos nos que se estableza un período de información pública, tales como actuacións urbanísticas, ordenanzas fiscais u outras, a fin de poder formular alegacións. O órgano competente incorporará un informe no que se resuma a participación habida.

Artigo 9º.- Unidades informativas.

1.-O Concello disporá os medios e a organización necesaria para facilitar o acceso dos cidadáns á información municipal. Coa dita finalidade impulsaranse unidades básicas de atención cidadá mediante oficinas de información xerais ou específicas dunha área ou unha actividade concreta que poderán situarse nos órganos desconcentrados. Así mesmo potenciaranse os medios de comunicación locais e o uso das novas tecnoloxías da información.

2.-Nas oficinas de información darase, en todo caso, información administrativa, orientación sobre a organización municipal, sobre os fins, competencias e funcionamento dos órganos e servizos municipais, información sobre os recursos existentes, así como sobre as actividades e acordos municipais.

Artigo 10º.- Publicidade das sesións.

1.-Para a información das e dos veciños en xeral, as convocatorias e orde do día das sesións plenarias do Concello e das xuntas de distrito que se constituán transmitiranse aos medios de comunicación e faranse públicas na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e das oficinas de distrito inmediatamente despois da súa convocatoria.

2.-Sen prexuízo do previsto pola normativa vixente sobre notificación e publicación de actos e acordos, o Concello de Vigo dará publicidade resumida dos acordos do Pleno e da Xunta de Goberno Local a través do taboleiro de anuncios e da web municipal.

TÍTULO II. CANLES E VÍAS DE PARTICIPACIÓN NON ORGÁNICA

Artigo 11º.- O dereito de petición

1.- Co alcance previsto na normativa de desenvolvemento do artigo 29 da Constitución, todos os cidadáns e as persoas xurídicas teñen o dereito de dirixirse de forma individual e colectiva a calquera autoridade ou órgano municipal para solicitar a adopción de actos ou acordos en materias de competencia municipal ou de interese local. Do seu exercicio non se poderá derivar prexuízo ningún ao petionario.

Non son obxecto deste dereito, nin se poderán admitir peticións, suxestións, queixas ou reclamacións que se amparen nun título específico diferente ao dereito de petición, nin as que fagan referencia a materias para as cales o ordenamento xurídico prevexa un procedemento específico distinto.

2.- A petición poderá ser formulada por escrito, asinada polo solicitante, e deberá constar o seu nome e domicilio; realizarase mediante instancia dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello ou dos organismos autónomos municipais competentes, presentada no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no procedemento administrativo.

3.- Se a petición se estimase fundada, adoptaranse as medidas oportunas co fin de lograr a súa efectividade. En calquera caso no prazo máximo de tres meses trasladaráselle ao interesado da resolución que se adopte.

Artigo 12º.- O dereito de proposta e as proposicións ante o Pleno.

1.- Todas e todos os cidadáns teñen o dereito a dirixirse individual ou colectivamente a calquera autoridade ou órgano municipal para elevar propostas de actuación, comentarios ou suxestións en materias de competencia municipal ou de interese local. Igualmente poderán solicitar información ou aclaracións sobre as actuacións do Concello.

2.- As propostas, nas que constasen os datos necesarios identificativos para a súa contestación, poderán ser cursadas por teléfono ao Departamento de Información e Atención Cidadá, por escrito ás caixas do correo de suxestións e queixas que existan nas dependencias municipais; mediante instancia no Rexistro Municipal ou, por vía telemática, á caixa municipal do correo electrónico.

3.- O responsábel da área competente deberá estudar o contido da proposta e informarlle ao concelleiro ou coordinador xeral do que dependa, quen nun prazo de trinta días comunicará por escrito á parte proponente sobre o curso que se lle dará á súa proposta.

4.- As federacións, confederacións e unión de asociacións inscritas no Rexistro de Entidades Cidadáns, e declaradas de interese cidadá, poderán solicitar a incorporación dunha proposición na orde do día do Pleno do Concello sempre que ela sexa competencia do citado órgano. A Comisión do Pleno, competente por razón da materia, decidirá fundamentadamente a conveniencia da súa inclusión na Orde do Día do Pleno; para este fin e para a defensa da proposición presentada, un representante legal da federación, confederación ou unión de Asociacións poderá asistir con voz á sesión da Comisión no punto da orde do día correspondente.

Artigo 13.- Da Comisión Especial de suxestións e reclamacións.

A Comisión Especial de suxestións e reclamacións integrada por representantes de todos os grupos presentes no Pleno de forma proporcional ao número de membros que teñen nel, ten como finalidade esencial supervisa-la actividade da Administración Municipal e dará conta ao Pleno mediante informe anual das deficiencias observadas na funcionamento dos servizos municipais. Así mesmo, en coordinación co Valedor do Cidadán, resolver as suxestións e reclamacións que sobre tales servizos e actividades municipais presenten os cidadáns. A súa composición, funcións e réxime xurídico establécese no seu regulamento orgánico

Artigo 14.- A consulta popular

1.- O Concello, de conformidade co disposto no artigo 71 da LBRL e 257 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses das e dos veciños, excepto os relativos á Facenda Local.

2.- A iniciativa da proposta de consulta correspóndelle:

a) Ao alcalde por solicitude dos veciños do municipio que representen ao 5% dos que teñan dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais, refrendada polo Pleno mediante acordo adoptado por maioría absoluta dos membros da Corporación.

b) Ao alcalde, tralo acordo da maioría absoluta do Pleno municipal.

3.-O acordo de consulta precisará os termos exactos nos que deberá formularse.

4.- En todo caso, correspóndelle ao Concello a realización dos trámites para levar a cabo a consulta popular, de acordo coa regulación prevista na Lei de administración local de Galicia.

Artigo 15.- Sondaxes cidadáns

1.- Co fin de coñecer e avaliar a opinión das e dos cidadáns sobre materias de especial interese o Concello, por medio de sondaxes, poderá detectar o grao de aceptación das súas decisións ou propostas. Poderán estar referidas a todo o territorio municipal ou a un ou varios distritos.

2.- A realización das sondaxes será acordada polo Pleno por iniciativa do Alcalde ou dalgún grupo municipal; no acordo aprobarase o texto da consulta, ao período de realización e a fiscalización do proceso.

3.- Terán dereito a participar todas e todos os cidadáns residentes no ámbito da sondaxe maiores de dezaseis anos e arbitrarase as garantías que permitan unha axeitada acreditación do cidadán que emita a súa opinión. En todo caso as sondaxes realizaranse a través dos medios telemáticos propiciados polas novas tecnoloxías.

4.- O Concello dará a coñecer os resultados das sondaxes que leve a termo a través dos seus medios de comunicación no prazo dos cinco días seguintes ao de finalización do período de consulta.

Artigo 16.- Enquisas de avaliación da calidades dos servizos.

1.-Co fin de avaliar o coñecemento da opinión dos cidadáns sobre o funcionamento da Administración Municipal en xeral, e dos servizos en particular poderanse levar a cabo periodicamente, previa proposta que neste senso efectue a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, enquisas e estudos de opinión que reflicten a realidade das actividades dende a perspectiva da satisfacción do cidadán-usuario.

2.- Os obxectivos das enquisas de satisfacción estarán dirixidas aos fins seguintes:

- a)Determinar o nivel de calidade dos servizos municipais.
- b)Descubrir as causas de descontento non detectadas a través doutros procedementos.
- c)Coñecer que servizo desexan ou esperan os usuarios actuais ou potenciais.

3.- As enquisas de satisfacción realizaranse a través de asistencias técnicas contratadas con empresas especializadas ou mediante convenios interadministrativos de colaboración con institucións públicas.

4.- Nos pregos de cláusulas administrativas de cada contrato de xestión de servizos públicos incluírase como deber do adxudicatario a realización anual destes traballos que en todo caso serán dirixidos pola Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións seleccionando a empresa especializada para a confección da enquisa e determinando os cuestionarios e o campo de mostra.

5.- As conclusión das enquisas serán trasladadas á Comisión Especial de suxestións e reclamacións que efectuará as recomendacións que considere conveniente para acadar os obxectivos de satisfacción desexados.

Artigo 17º.- A audiencia pública

1.-A audiencia pública, que pode ter un ámbito de cidade ou de distrito, constitúe un espazo de participación para a presentación pública por parte do Concello, e posterior debate entre este e a cidadanía sobre decisións ou cuestións especialmente significativas da acción municipal. Tamén é un mecanismo para a formulación de propostas por parte das e dos cidadáns.

2.-A audiencia pública será convocada por iniciativa do alcalde ou concelleiro-presidente do Distrito, segundo que o ámbito desta sexa a cidade ou un distrito ou por petición do 5 por 100 da respectiva poboación. Neste suposto xustificárase o tema de carácter monográfico e de especial transcendencia que necesite dunha deliberación participativa. Os solicitantes da audiencia presentarán o escrito razoado, no Rexistro Xeral do Concello ou no distrito correspondente, ao que axuntarán unha memoria ou relatorio sobre o asunto que se tratará, así como as sinaturas recollidas e autenticadas na forma que se estableza para a iniciativa popular.

3.-Recibida a documentación o alcalde, ou no seu caso o concelleiro-presidente do distrito, convocará, no suposto que a petición este fundamentada, a audiencia pública que deberá realizarse no mes seguinte. Entre a convocatoria e a súa realización deberá mediar un prazo de quince días.

4.-A audiencia pública da cidade estará presidida polo alcalde ou concelleiro en quen delegue, e as de ámbito de distrito, pola Presidencia do Pleno de distrito ou concelleiro en quen delegue. Exercerá de secretario, o secretario xeral do Pleno ou a persoa en quen delegue, que debe redactar acta sucinta da sesión.

5.-As sesións organízanse do seguinte xeito:

- a) Intervención do relator do tema que se ten que tratar.
- b) Intervención da cidadanía que estará limitada pola Presidencia a un uso razoábel do tempo no uso da palabra e a un número, tamén razoábel, de intervinientes.
- c) Intervención e posicionamento do goberno.
- d) Intervención e posicionamento dos grupos da oposición de menor a maior representación.
- e) Réplica do goberno, de proceder.
- f) Conclusións do relatorio.

Artigo 18º.- Da iniciativa cidadá.

A iniciativa popular é aquela forma de participación das e dos veciños nos asuntos da vida pública local, mediante a cal os veciños de Vigo poderán presentar propostas de disposicións normativas en materia da competencia municipal. O seu procedemento regularase no Regulamento orgánico do Pleno do Concello.

TÍTULO III: DAS ENTIDADES CIDADÁS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES CIDADÁNS.

Capítulo Primeiro.- Do Rexistro de entidades cidadáns:

Artigo 19.- Obxecto do Rexistro.

O Rexistro de Entidades Cidadáns ten por obxecto permitirlle ao Concello coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, o recoñecemento das entidades inscritas para os efectos de garantirles exercicio dos dereitos recoñecidos neste regulamento; facilitar as relacións entre estas e o Concello, coñecer os seus fins e a súa representatividade e peso específicos, para os efectos de posibilitar o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade. En todo caso, a organización do rexistro basearase en ámbitos temáticos.

Artigo 20.- Entidades que poden acceder ao rexistro.

Poderán solicitar e obter a inscrición no rexistro, todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro:

1. Con sede social en Vigo e cuxo marco territorial de actuación sexa o ámbito do termo municipal de Vigo e que teñan como obxectivo fundamental estatutario da súa actividade os intereses xerais da cidade e a mellora da calidade de vida da súa cidadanía.
2. Con sede social en Vigo e que teñan por obxectivo fundamental estatutario da súa actividade a mellora da calidade de vida da cidadanía de calquera lugar do mundo.
3. Que, dentro do marco territorial de Vigo, e representando intereses sectoriais, económicos, comerciais, profesionais, científicos, culturais ou análogos, realicen programas e actividades de carácter estábel que redunden en beneficio da cidadanía de Vigo.

Artigo 21.-Entidades non rexistradas.

Para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 72 da LBRL e no presente regulamento, as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais das e dos veciños, será precisa a previa ou simultánea inscrición no citado Rexistro Municipal de Asociacións. Sen embargo, por solicitude da interesada, o Concello recoñeceralles ás asociacións non inscritas o exercicio daqueles dereitos, co compromiso de obter a súa inscrición no devandito rexistro no prazo de dous meses. No caso de ser denegada a inscrición, será sempre motivada.

Artigo 22.- Solicitudes de inscrición e documentación a presentar.

1.- A solicitude de inscrición presentarase no Rexistro Xeral e tramitarase a través da Delegación de Participación Cidadá, que terá ao seu cargo o Rexistro de Entidades Cidadáns; os seus datos serán públicos.

2.- As inscricións no Rexistro de Entidades, deberán realizar as entidades interesadas, para o que deberán achegar os seguintes documentos orixinais ou copia debidamente legalizada conforme coa normativa vixente:

- a) Formulario de inscrición entregado pola Concellaría de Participación Cidadá; nel contéñesen os datos xerais da entidade: razón social, enderezo de correspondencia e de correo electrónico, teléfono, fax, datos persoais dos membros da xunta directiva, etc.
- b) Estatutos da entidade, onde se exprese a súa denominación, ámbito territorial de actuación, domicilio social, fins e actividades, patrimonio inicial, recursos económicos, criterios que garantan o funcionamento democrático, e todos aqueles extremos que se especifican na súa propia normativa legal de constitución.
- c) Documento público acreditativo da inscrición no Rexistro Principal autonómico ou estatal.

- d) *Copia da acta ou certificación, de acordo coa dita normativa, da última asemblea xeral de socios, ou órgano equivalente, na que fose elixida a xunta directiva vixente no día da inscrición.*
- e) *Certificación acreditativa do número de asociados ao corrente de cotas e ingresos por cota de asociados.*
- f) *Cédula de identificación fiscal.*
- g) *Certificado acreditativo do número de conta bancaria da entidade.*
- h) *Balance económico do exercicio anterior á inscrición.*
- i) *Memoria de xestión das actividades realizadas no exercicio anterior á inscrición.*
- l) *Programa de actividades do ano en curso; mencionarse expresamente a programación que se vai desenvolver na cidade de Vigo.*
- m) *Orzamento de gastos e ingresos do ano en curso.*
- n) *Certificación positiva de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais e tributarias coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Concello de Vigo, ou declaración responsábel do representante da entidade de estar exento. A validez destes certificados ou declaración será de seis meses, que contan dende a data de expedición.*
- o) *Documento de alta no IAE cando exerza actividades que están suxeitas, o último recibo deste imposto.*
- p) *Declaración responsábel conforme se comprometen a actualizar a documentación dos datos rexistrados, cando corresponda e sempre antes da perda da súa vixencia, e conforme queda decatado que a falta de actualización determina a suspensión da inscrición.*

Artigo 23.- Resolución da solicitude.

No prazo dun mes desde a solicitude de inscrición, salvo que este se interrompa pola necesidade de achegar documentación estrictamente necesaria non incluída inicialmente, o Concello notificaralle á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta para todos os efectos.

A resolución dos expedientes de inscrición e baixa corresponderalle á Concellería Delegada dos Servizos de Participación Cidadá.

Artigo 24.- Actualización de datos rexistrados.

As entidades inscritas no Rexistro están obrigadas a actualizar os datos e notificar ao mesmo toda modificación dos datos inscritos, dentro do mes seguinte a modificación; a excepción da certificación actualizada do número de asociados ao corrente de cotas que supoña unha modificación superior ou inferior ao 10% sobre a cifra comunicada anteriormente, que se realizará no mes de xaneiro de cada ano.

Ao peche do exercicio económico, e en todo caso un mes despois da aprobación das contas e balance de xestión anual na asemblea xeral, as entidades presentarán unha memoria descriptiva das actividades realizadas e o balance económico do exercicio e da súa aplicación, así como o programa de actividades e orzamento para o ano seguinte.

Artigo 25.- Baixas de inscricións rexistradas.

O incumprimento do disposto no art.24 do presente regulamento, suporá automaticamente, sen necesidade de comunicación previa, a baixa provisional da inscrición no rexistro e dos dereitos que dela se derivan da asociación ou entidade infractora. A baixa provisional derivará en definitiva, que será acordada pola Concellaría Delegada dos Servizos de Participación Cidadá, se no primeiro semestre do exercicio económico seguinte non se da cumprimento a dita obriga.

A incorrencia en tres baixas provisionais consecutivas ou alternas no prazo de catro anos, dará lugar a baixa definitiva no Rexistro de Entidades Cidadás.

Artigo 26.- Rexistros especiais.

Poderán existir ademais, outros censos específicos para entidades por area temática ou sector, a cargo das delegacións da área correspondente, e que se tramitarán a través destas.

As seccións das asociacións veciñais poderán incluírse de oficio nos rexistros sectoriais. A baixa nos mesmos non implicará a baixa no Rexistro de Asociacións.

Artigo 27.- Efectos da inscrición.

O Rexistro Municipal de Entidades Cidadás permite acreditar o cumprimento dos requisitos para solicitar axudas e subvencións por parte das entidades rexistradas. A súa finalidade é a simplificación e axilización das tramitacións dos correspondentes expedientes de subvención.

Artigo 28.- Datos rexistrais e colaboración rexistral.

1.-Correspondelle ao Concello de Vigo analizar e difundir os datos obtidos mediante o Rexistro de Entidades Cidadás, co obxecto de saber a situación e a evolución das entidades rexistradas e favorecer o debate sobre as propostas de mellora para este sector. A tal fin poderanse incluír no rexistro todos aqueles datos que resulten relevantes acerca das actividades, funcionamento interno. En todo caso incluíranse as axudas e subvencións públicas recibidas.

2.-Os datos obrantes no rexistro, referidos as entidades inscritas poderán facilitarse a terceiros interesados, con cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.-Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar unha adecuada colaboración entre o Rexistro de Entidades Cidadás e os correspondentes rexistros principais de ámbito autonómico e estatal.

CAPÍTULO SEGUNDO: DAS ENTIDADES REXISTRADAS

Artigo 29º.- Dereitos das entidades rexistradas.

1.-As entidades que figuren no Rexistro Municipal de asociacións terán recoñecidos os seguintes dereitos:

a) Participar na xestión municipal nos termos determinados no presente regulamento.

b) Acollese aos dereitos de iniciativa, información ou a calquera outro dereito recoñecido pola lei e establecido no presente regulamento.

2.- Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos veciños en xeral, as entidades ás que se refire o presente regulamento, teñen dereito a:

a) Recibir no seu domicilio social, previa solicitude, as convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais.

b) Recibir as publicacións que edite o Concello, teñan estas carácter periódico ou non.

c) Subscribir convenios de xestión de servizos, de formación ocupacional, dinamización socio cultural ou de calquera outra modalidade co fin xeral do benestar do cidadán.

d) Acceder ao uso dos medios públicos municipais, e medios de comunicación dispoñíbeis. O uso dos medios públicos municipais, deberá serlle solicitado por escrito ao Concello coa antelación que establezan os servizos correspondentes.

CAPÍTULO TERCEIRO: FOMENTO DO ASOCIACIONISMO.

Artigo 30.- Medios de colaboración municipais.

Co fin de conquistar que as entidades cidadás rexistradas poidan realizar as súas actividades con plenas garantías, o Concello de Vigo comprométese a instrumentar as seguintes fórmulas de apoio:

1.- Programas de formación, capacitación e asesoramento na xestión e voluntariado para lograr a dinamización e o impulso do movemento asociativo e a participación cidadá en xeral, tales como:

a.- Asesoramento para a creación de asociacións.

b.- Un servizo de asesoramento e apoio a os diferentes niveis de participación e xestión que puidesen establecerse.

c.- Apoio na coordinación entre asociacións, en especial, apoiando o funcionamento de foros asociativos.

d.- Adquisición e mantemento dun fondo documental sobre participación cidadá, xestión asociativa e metodoloxías de intervención

2.- O presuposto municipal incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo. Nas bases de execución dos orzamentos, así como no regulamento das bases para outorgamento de subvencións recolleranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán ser xustificadas.

En todo caso, será requisito previo a calquera percepción de subvención o estar inscrita no Rexistro de Entidades Cidadáns, ter actualizados os datos do dito rexistro, conforme se indica no artigo 24 deste regulamento, e ter xustificado no prazo previsto o uso das subvencións concedidas anteriormente.

3.- Convenios de colaboración. Para o desenvolvemento de programas de interese cidadán xeral o Concello poderá establecer convenios coas entidades cidadás que representen o interese xeral e acrediten suficiente representatividade e traxectoria na defensa dos intereses da cidade, sempre que se atopen inscritas no rexistro e declarados de interese cidadá conforme co presente regulamento. Mediante ditos convenios as entidades

obrigaranse ao desenvolvemento de actividades relacionadas coa mellora da calidade de vida das e dos veciños e a profundización dos seus dereitos. Pola súa banda, o Concello favorecerá, no posíbel, a obtención dos medios e recursos necesarios para levar a cabo as actividades obxecto de convenio.

4.- Disposición de medidas que faciliten as entidades inscritas no RMEC espazos adecuados para a realización das súas actividades, mediante:

a.-Utilización de centros de recursos asociativos que permitan as asociacións dispor, compartindo con outras asociacións, duns servizos mínimos: despachos, salas de reunións, almacéns, ordenadores, acceso a Internet, caixas de correo, recepción de correo, teléfono, fax, etc. O Concello utilizará preferentemente este tipo de medida para que as asociacións poidan dispor dunha sede social.

b.-Apoio económico para o alugamento dunha sede social. Utilizarase esta medida cando o volume da actividade da asociación faga insuficiente a fórmula anterior, sempre de acordo coas limitacións orzamentarias.

c.-Cesión dun local a unha asociación para a realización dun proxecto, durante o período de vixencia deste. En ningún caso unha asociación beneficiaria deste tipo de medida poderá utilizar o local cedido como sede da asociación.

d.-Cesión temporal de local a unha asociación. Utilizarase esta medida de maneira excepcional, e só naqueles casos nos que exista un compromiso histórico entre o Concello e unha asociación, ou nos que unha asociación, que deberá ostentar a declaración de interese cidadán, desenvolva actuacións dunha importancia transcendental para o municipio. Esta cesión estará suxeita a revisión municipal a fin de constatar se o aproveitamento do local segue xustificando a súa cesión. No acordo de cesión estableceranse as condicións de uso do local. En todo caso os gastos inherentes á utilización, así como os investimentos que fosen necesarios para a normal conservación e mantemento do inmóbel correrán por conta da entidade beneficiaria.

As cesións temporais de locais serán contabilizadas como axuda económica no computo total das axudas recibidas pola entidade.

A cesión de locais enténdese cun uso en precario e coa posibilidade de resolver a súa concesión en calquera momento por causas de interese xeral ou social, o por incumprimento das finalidades as que se destinou.

5.-Sen prexuízo das anteriores fórmulas de apoio, calquera asociación inscrita no RMEC poderá utilizar espazos municipais para o desenvolvemento de actividades concretas, previa petición por escrito e se a ocupación habitual do local o permite.

CAPÍTULO CUARTO: DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E ENTIDADE DE INTERESE CIDADÁ.

Artigo 31º.-A declaración de utilidade pública.

1.-O Concello colaborará na tramitación da declaración de utilidade pública das entidades que o soliciten e que reúnan os requisitos establecidos na lexislación vixente.

2.-As entidades municipais que se distinguan polo seu labor, poderán ser obxecto de calquera honra e distinción prevista no Regulamento de honras e distincións.

3.-O Concello pode proporlles á administración ou administracións competentes que determinadas entidades sexan declaradas de utilidade pública ou interese social, sempre que estas fose declaradas anteriormente Entidades de Interese Cidadán.

Artigo 32º.- A declaración de Entidade de Interese Cidadá.

As entidades cidadás, poderán ser declaradas polo Concello como Entidades de Interese Cidadán, sempre que a súa actividade sexa de interese xeral e complementaria da propia actividade municipal na medida que o permita a lexislación aplicábel, cos alcances previstos na mesma lexislación, e leven a cabo unha acción continuada.

Artigo 33º.- Procedemento para a declaración de Entidade de Interese Cidadán.

1.-A solicitude de recoñecemento de Entidade de Interese Cidadán poderá facerse de oficio polo goberno municipal por petición de calquera grupo político presente na Corporación, ou por instancia da propia entidade.

2.-A solicitude de declaración de Entidade de Interese Cidadán rexerese polo procedemento disposto pola lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común. Iniciarase mediante solicitude razoada dirixida a área competente en materia de participación cidadá, a cal acompañarase da seguinte documentación:

- a) Certificación do número de socios ao corrente de cotas no momento da solicitude.
- b) Memoria de xestión e económica das actividades realizadas dende os cinco últimos anos, anteriores á solicitude, debidamente xustificadas ou documentadas.
- c) Calquera outro documento que se considere necesario para valora adecuadamente a procedencia do recoñecemento interesado, conforme os criterios establecidos no art.37

3.-Ao expediente que se instrúa, incorporaranse os informes que procedan doutras administracións públicas, dos diferentes servizos municipais, en función do sector ou sectores de actividade da entidade, consello sectorial da área directamente relacionados e da xunta de distrito correspondente.

A concellaría de Participación Cidadá, tomando como base a documentación achegada e os informes emitidos apreciará, de forma motivada, a procedencia de conceder ou denegar a declaración solicitada. No suposto de que a proposta sexa denegatoria, daráse traslado, antes da súa resolución pola Xunta de Goberno Local, a entidade interesada para que no prazo de dez días efectúe as alegacións que considere conveniente.

Unha vez acordado o dito recoñecemento inscribírase, de oficio, no Rexistro de Entidades Cidadáns.

4.-Os criterios fundamentais para valorar a procedencia do recoñecemento da declaración de Entidade de Interese Cidadán, serán os seguintes:

- a. Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral ou sectorial da cidadanía de Vigo, e realicen as súas actividades en relación con algún dos ámbitos de actuación municipal.
- b. Que sexan de interese público municipal e social para a cidadanía de Vigo e que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar os seus asociados ou membros dos seus órganos de goberno e representación, se non aberta a calquera outro posíbel beneficiario.
- c. Que contén cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea que garanta o funcionamento democrático da entidade e o cumprimento dos fins estatutarios.

- d. *Que se encontren inscritas no Rexistro de Entidades Cidadás, en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios ininterrompidamente e concorrentes todos os precedentes requisitos cando menos durante cinco anos inmediatamente anteriores a presentación da solicitude de declaración de Entidade de Interese Cidadán.*
- e. *Que xeren ingresos propios e tendan a autofinanciación.*
- f. *Que conten cun número de socios suficiente para o desenvolvemento das súas actividades e o cumprimento dos seus obxectivos.*
- g. *Ámbito territorial e poboación aos que vai dirixida a actuación da entidade, e grao de participación das e dos cidadáns nelas.*

5.-Acordada pola Xunta de Goberno, a declaración de Entidade de Interese Cidadán inscribírase esta, no Rexistro Municipal de Asociacións, e fárase pública nos boletíns oficiais, taboleiros de anuncios e medios de comunicación.

Artigo 34º.- Dereitos das Entidades de Interese Cidadán.

Declarada de Interese Cidadán Municipal unha entidade, esta terá os seguintes dereitos:

- a. *Usar este título en todos os documentos a continuación do nome da entidade.*
- b. *Poder acceder ás axudas económicas establecidas, e uso dos medios locais e medios de comunicación para o desenvolvemento das súas actividades, solicitar o acceso as cesións en uso por prazo superior a dous anos de locais municipais.*
- c. *Gozar dos beneficios fiscais que a lexislación vixente aplica a este tipo de entidades, de acordo coa da Lei xeral tributaria, e que figuren nas ordenanzas municipais.*
- d. *Formular alegacións ou propostas sobre os asuntos incluídos na orde do día do Plenario do Consello Municipal. O alcalde ou alcaldesa pode acordar, se así o cre conveniente e a importancia do asunto o aconsella, que sexan lidas, oídas totalmente ou resumidas as alegacións ou propostas das entidades, antes de pasar a votación do asuntos correspondente. Esa lectura poder ser realizada polos propios propoñentes, se así se solicita no escrito dirixido ao alcalde ou alcaldesa. Correspóndelle a Xunta de Voceiros verificar as propostas examinando a competencia do órgano, a súa natureza e o resto dos requisitos formais de aplicación.*
- e. *Emitir os informes de asuntos da súa competencia, cando lles sexan solicitados polo Concello*

Artigo 35º - Revogación da Declaración de Interese Cidadán.

Cando desapareza algunha das circunstancias que serviron para motivar a declaración de Entidade de Interese Cidadán ou a actividade da entidade non responda as esixencias que a dita declaración leva consigo, iniciárase o procedemento de revogación, que se axustará ás normas previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, a normativa aplicábel ás fundacións ou, no seu defecto , a Lei 30/1992 do 26 de novembro.

O expediente iniciárase pola área competente en materia de Participación Cidadá, por propia iniciativa, por petición razoada dos distritos ou outros servizos municipais ou por denuncia. Iniciado o mesmo, solicitaranse os informes que se consideren pertinentes dos distintos servizos municipais, dos distritos, do consello sectorial correspondente, e doutras administracións públicas, se se considera necesario. Unha vez recadados os ditos

informes darase en todo caso trámite de audiencia a entidade interesada. Tras o exame de todo isto, a área competente en materia de Participación Cidadá, emitirá proposta de resolución motivada e elevará á Xunta de Goberno da Cidade para a súa aprobación, e posterior anotación no rexistro.

TÍTULO IV.- DOS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Artigo 36º.- Órganos específicos.

A participación cidadá na vida municipal canalizarase a través de órganos específicos, que constituirán a estrutura básica desa participación, sen prexuízo daqueloutros que se poidan crear.

Os órganos específicos de participación cidadá serán os consellos sectoriais, o Consello das Xuntas Municipais de Distrito e o Consello Social da Cidade.

CAPÍTULO PRIMEIRO.- CONSELLOS MUNICIPAIS DE SECTOR.

Artigo 37º.- Obxecto e finalidade dos consellos sectoriais.

1.-Os consellos municipais de sector son órganos de participación, información, consulta, seguimento e proposta á xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencias.

2.- Os consellos sectoriais teñen a finalidade de promover e canalizar a participación das entidades e da cidadanía nos diferentes sectores da vida local en que o Concello ten competencia, facendo así posíbel unha maior corresponsabilización dos cidadáns nos asuntos públicos do municipio.

Artigo 38º.- Creación dos consellos sectoriais.

Os consellos de sector crearanse por acordo Plenario da Corporación e estarán referidos ás principais áreas de goberno.

Artigo 39º.- Composición dos consellos sectoriais.

Sen prexuízo da composición que poda especificamente realizarse no acordo de creación os consellos sectoriais contarán cos seguintes órganos:

- 1. Unha presidencia: O concelleiro delegado da área ou persoa que el designe.*
- 2. Unha vicepresidencia: nomeada polo Consello Plenario de entre os seus membros representativos.*
- 3. O Consello Plenario: Integrado polos seguintes membros,*
 - Presidencia.*
 - Vicepresidencia.*
 - Vocais:*
 - a).-Corporativos: un concelleiro designado por cada grupo político municipal.*
 - b).-Representativos:*

- *Un representante por cada asociación inscrita no Rexistro Municipal de Entidades, que estean directamente relacionadas co sector de actividade do consello ou por cada institución, entidade pública, privada, ou colectivo cidadán directamente vinculada coa área obxecto do consello.*
- *Agás excepcións debidamente xustificadas os vocais representativos non superarán o número de doce. As asociacións, entidades, institucións ou colectivos aos que corresponda a designación e o cese de representantes establecerase no acordo municipal de creación do consello.*
- *As asociacións ou entidades que exerzan este dereito de representación correponderanse con aqueles que gocen de maior implantación no sector, ben en función do seu número de socios ou afiliados, ben en función da importancia dos seus programas de actividades.*

c).-Técnico: Un técnico designado pola Presidencia do Consello de entre o persoal municipal interviniente na xestión e actividade da área ou sector.

Os vocais representativos serán designados por cada asociación, entidade ou colectivo correspondente.

Todos os membros do consello renovarase conxuntamente coa Corporación Municipal.

4.-Será secretario do consello e dos seus órganos un funcionario municipal adscrito á área de goberno correspondente con voz e sen voto.

5.-Poderán formar parte dos consellos sectoriais expertos de recoñecido prestixio, con voz e sen voto, nas áreas de coñecemento propias do Consello, elixidos polo propio consello sectorial.

Artigo 40º.- Facultades dos consellos sectoriais.

Ademais do disposto na lexislación sectorial aplicábel, serán en todo caso, facultades dos consellos de sectoriais:

- 1. Fomentar a protección e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.*
- 2. Fomentar a participación directa das persoas, entidades e dos sectores afectados ou interesados, establecendo para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das súas actividades.*
- 3. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual e entre organizacións.*
- 4. Asesorar ao municipio nos diferentes programas e actuacións que se dirixan ao colectivo obxecto do consello.*
- 5. Debater e valorar os asuntos que presente o Concello, especialmente a información, o seguimento e avaliación dos programas anuais.*
- 6. Potenciar a coordinación entre as diferentes institucións ou entidades que actúen no ámbito obxecto do consello, xa sexan públicas ou privadas.*
- 7. Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais encamiñadas á defensa dos dereitos das persoas.*
- 8. Elaborar propostas relativas ao ámbito de actuación de cada Consello Sectorial, con plena capacidade para sometelas ao debate no Pleno municipal.*

9. *Promover a realización de estudos, informes e actuacións vinculadas ao sector.*
10. *Recabar información, tras a petición razonada, dos temas de interese para o consello.*
11. *Cada consello sectorial terá ademais as funcións específicas que determine o seu regulamento.*

Artigo 41º.- Funcionamento dos consellos sectoriais.

- 1.-*Reuniránse cando menos con carácter ordinario, unha vez ao trimestre, con carácter extraordinario por petición da Presidencia ou cando o solicite formalmente un tercio dos seus membros.*
- 2.-*O consello quedará constituído validamente coa asistencia dun cuarto do seu numero legal de membros e sempre coa asistencia do seu presidente ou vicepresidente e secretario.*
- 3.-*As decisións adoptaranse por maioría simple do número de membros; en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente.*
- 4.-*As sesións do consello serán públicas, e deberán realizarse as ordinarias nun prazo non inferior os 5 días hábiles dende a data da convocatoria, e as extraordinarias nun prazo de tres días hábiles dende a súa convocatoria.*
- 5.-*Dos acordos que se adopten, que terán carácter consultivo non vinculante, o secretario redactará acta, da cal se publicará un resume nos medios de comunicación municipais.*
- 6.-*Remitirán acta de todas as reunións aos membros do consello, e a todas as entidades relacionadas co sector.*
- 7.-*En todos os consellos sectoriais presentarase o plan de actuación municipal, que remarcará os obxectivos do sector de que se trate, e impulsará unha reflexión global sobre a cidade.*

Artigo 42º.- Recursos dos consellos sectoriais.

O Concello facilitaralle ao consello os medios e recursos necesarios para o seu funcionamento.

Unha vez constituídos os consellos sectoriais, dotaráselles dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo Pleno, tras o informe da comisión correspondente.

CAPÍTULO SEGUNDO. O CONSELLO DAS XUNTAS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

Artigo 43º.- O Consello de distrito.

Os consellos de distritos configúranse como órganos de consulta, información e proposta na actuación municipal e serán a vía para a participación das e dos veciños, colectivos e entidades cidadás na xestión dos asuntos que afectan a ese ámbito. A súa composición, atribucións e réxime de funcionamento estableceranse no regulamento orgánico de distritos.

CAPÍTULO TERCEIRO.- O CONSELLO SOCIAL DA CIDADE.

Artigo 44º.- O Consello Social da Cidade.

O Consello Social da Cidade é un órgano de participación integrado por representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas. A súa composición, funcións e réxime de funcionamento establécese no seu regulamento orgánico.

TÍTULO V: DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 45º.- Participación en comisións do Pleno.

Os representantes das diversas entidades, colectivos de interesados ou veciños poden intervir naquelas comisións do Pleno nas que na orde do día figuren asuntos que afecten a estes colectivos, sempre que o soliciten previamente á Presidencia, coa indicación, de xeito xustificado, da razón da intervención. A Presidencia, motivadamente, resolverá sobre a solicitude formulada. Tamén poderán asistir por invitación expresa da Presidencia da comisión.

Artigo 46º.- Participación no Pleno do Concello.

Calquera asociación ou entidade constituída para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais de colectivos ou veciños poderá manifestar a súa opinión sobre temas de especial transcendencia ou sobre asuntos nos que intervisen como interesados nas sesións do Pleno da Corporación ou das xuntas municipais de distrito, mediante escrito dirixido á Presidencia, con setenta e dúas horas de antelación no que deberá figurar o nome da persoa que fará a exposición. O texto do escrito ou da intervención realizada incorporárase á acta.

A Presidencia, se así o considera pertinente, outorgará a correspondente autorización, e designará a persoa autorizada para a exposición, os puntos da orde do día na que intervirá, e o tempo máximo de exposición, que sempre será con anterioridade ao debate e votación da proposta incluída na orde do día. Se a intervención non ten relación cos puntos que figuren na orde do día realizarase ao comezo da sesión antes do punto de aprobación da acta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Dentro do mes seguinte á data de entrada en vigor deste regulamento o Pleno do Concello adoptará acordo relativo á creación dos consellos sectoriais mencionados no capítulo primeiro do título IV, no dito acordo especificaranse as áreas de actuación nas que a importancia da participación cidadá recomenda a creación destes órganos. Así mesmo, mencionaranse as entidades ou asociacións con dereito para designar un vocal representativo; estas designacións deberán realizarse polas mesmas dentro dos quince días seguintes ao do acordo de creación e poderase designar un titular e un suplente; no mesmo prazo designaranse os vocais corporativos e técnicos. Efectuadas todas as designacións a Alcaldía dictará resolución nomeando a totalidade dos membros que se publicará no BOP e da que se lle dará conta ao Pleno. A sesión constitutiva de cada consello sectorial terá lugar dentro dos trinta días seguintes á data da Resolución da Alcaldía.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As asociacións inscritas no rexistro antes da entrada en vigor do presente regulamento estarán suxeitas ao mesmo e continuarán dadas de alta no Rexistro de Entidades Cidadáns.

No prazo dun ano deberán acreditar o cumprimento dos requisitos para ter a cualificación de interese cidadán.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento de participación cidadá aprobado polo Pleno Municipal en data de 26.03.1992 e cantas outras normas municipais de igual ou superior rango se opoñan ao disposto neste regulamento orgánico.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor aos quince días da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia.

29(322).- INICIO DE EXPEDIENTE ADMTVO. DE SOLICITUDE Á UNIVERSIDADE DE VIGO DA REVERSIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL NA RÚA AREAL Nº 52. EXPTE. 17219/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do Xefe de Patrimonio, do 23.02.05, conformado polo Xefe de Réxime Interior e polo Concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- De acordo cos antecedentes que obran nesta Unidade de Patrimonio, o Concello de Vigo adquiriu mediante compraventa, no ano 2001 à Gerencia de Infraestructura y Equipamiento de la Defensa (Ministerio de Defensa) unha finca de 1027.33m2 coa edificación existente coñecida como “Comandancia Militar”, na Rúa Areal de Vigo.

SEGUNDO.- No ano 1991 firmouse un convenio (ratificado polo Pleno o 30.01.1991) entre esta Administración e a Universidade de Vigo polo que se acordaba que o Concello cedería á Universidade, o uso do edificio coñecido antigamente como Goberno Militar, polo prazo de 25 anos (renovables por outros 25) e o precio de 1 peseta., destinándoo a sé provisional do Rectorado en tanto non se constituira a sé definitiva do mesmo na Cidade Universitaria.

A mentada finca foi entregada en réxime de custodia ó Concello no ano 1990, a teor das negociacións tidas coa Gerencia de Infraestructuras de Defensa para a adquisición, entre outras propiedades, da Comandancia Militar.

TERCEIRO.- De todo o exposto, tendo en conta a nova condición do Concello de titular da finca sobre a que se asenta o edificio do Rectorado, da realidade da Cidade Universitaria nos terreos das Lagoas –Marcosende, do feito de que na actualidade fixase a sé do Rectorado no campus de Vigo en Lagoas-Marcosende (art.8.1 dos Estatutos da Universidade), como a necesidade de poder dispoñer do edificio por esta administración, procede, se así estimase de interese polo òrgano de goberno, solicitar à Univerddade de Vigo a reversión do edificio do antigo Rectorado.

Por todo iso proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º) Iniciar expediente administrativo de solicitude á Universidade de Vigo, da reversión do edificio municipal (antiga Comandancia Militar) sito na rúa Areal nº 52 desta cidade, cedido en uso mediante convenio de data 28.01.1991.

2º) Outorgar un prazo de quince días á Universidade de Vigo a fin de que presente a documentación e formule as alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses teña por conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(323).- INICIO DE EXPEDIENTE ADMTVO. DA REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DA PARCELA MUNICIPAL SITA NA RÚA AREAL Nº 52. EXPTE. 17140/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposto do Xefe de Patrimonio, de 22.02.05, conformado polo Xefe de Réxime Interior e polo Concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Dacordo cos antecedentes que obran nesta Unidade de Patrimonio, o Concello de Vigo adquiriu mediante compraventa, no ano 2001 à Gerencia de Infraestructura y Equipamiento de la Defensa (Ministerio de Defensa) unha finca de 1027.33m2 coa edificación existente coñecida como “Comandancia Militar”, na Rúa Areal de Vigo.

SEGUNDO.- No ano 1991 firmouse un convenio (ratificado polo Pleno o 30.01.1991) entre esta Administración e a Universidade de Vigo polo que se acordaba que o Concello cedería á Universidade o uso de edificio coñecido antigamente como Gobierno Militar, polo prazo de 25 anos (renovables por outros 25) e o precio de 1 peseta., destinàndoo a sé provisional do Rectorado.

A mentada finca foi entregada en réxime de custodia ó Concello no ano 1990, a teor das negociacións tidas coa Gerencia de Infraestructuras de Defensa para à adquisición, entre outras propiedades da Comandancia Militar.

TERCEIRO.- Por outra parte, consultados os servicios da Xerencia de Urbanismo, constatouse que a Universidade de Vigo solicitou e obtivo no ano 1996, licencia de obras para a construción dun edificio na rúa Oporto nº 3 para usos administrativos centrais da Universidade. Edificio que se proxectaba e construiu sobre a mesma finca da Comandancia Militar, descoñecéndose se mediou algún acordo en aquelas datas entre a Universidade e o Mº de Defensa, como propietario da parcela, para levar a cabo dita construción.

De todo o exposto, dada a nova condición do Concello, de titular da finca sobre a que se asenta o edificio do Rectorado e seu terreo adxacente, onde a Universidade de Vigo executou a construción do Anexo (r/ Oporto nº 3), resulta conveniente o inicio das actuacións pertinentes para a regularización da situación de ocupación a que deu lugar dita construción.

Por todo iso proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º) Iniciar expediente administrativo para a regularización da ocupación da parcela municipal sita na rúa Areal nº 52 desta cidade, coñecida como Comandancia Militar, coa construción do Anexo (r/ Oporto nº 3) pola Universidade de Vigo.

2º) Outorgar un prazo de quince días à Universidade de Vigo a fin de que presente a documentación e formule as alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses teña por conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(324).- SOLICITUDE DE D. RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ E OUTROS DE PERMUTA OU ADQUISICIÓN DE PARCELA DE 53 M2 INTEGRADA NO PARQUE DE COUTADAS. DESESTIMADA. EXPTE. 22186/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do Xefe de Patrimonio, do 4.03.05, conformado polo Concellal Delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.- D. Ramón Rodríguez Rodríguez e outros, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral de Urbanismo de 22 de xullo de 2003, formula reclamación contra a parcela municipal do Parque de Coutadas, manifestando ser titulares dunha superficie de 53 m2 sobrante dunha parcela matriz que resultou das cesións feitas ó concello de sendas superficies de 10,25 m2 e 63,50 m2.

Segundo.- Na instrucción do expediente emitiuse informe polo Arquitecto municipal de Patrimonio en data 22 de outubro de 2003, oficina de Inventario Municipal de Bens e Dereitos o 27 de febreiro de 2004, e o Servicio de Topografía da Xerencia de Urbanismo o 30 de marzo de 2004.

Terceiro.- Segundo resulta da información facilitada pola oficina do Inventario municipal, e informes técnicos emitidos, a parcela interesada polos reclamantes consta como de propiedade municipal integrada no Parque de Coutadas, na parroquia de Teis, e rexistrada no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993, baixo o nº 000306 de propiedade e con natureza xurídica demanial. Propiedade adquirida a D. Daniel López Fernández e outros segundo acordo municipal do pleno de 23 de decembro de 1989 e 1 de maio de 1990, correspondendo a finca solicitada coa nº 13 do parcelario dunha superficie de 198 m2 sitos en Coutadas.

Cuarto.- Conseqüentemente co que antecede, dada a titularidade municipal coa que consta a propiedade nº 306 do Parque de Coutadas, e sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado propias da xurisdicción ordinaria a quen lle corresponderá no seu caso o coñecemento e pronunciamento sobre as mesmas, non procede atender á solicitude de permuta ou adquisición plantexada polos reclamantes respecto á parcela de 53 m2 de superficie, integrada no Parque de Coutadas e afecta a dominio público municipal.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo resolutorio sobre a pretensión dos interesados obxeto do presente expediente, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 127.1.f. de Lei 7/85 RBRL.

Por todo o exposto, à Xunta de Goberno Local proponse a adopción do seguinte acordo:

Unico.- Desestimar a solicitude de D. Ramón Rodríguez Rodríguez, Servando Pedrido González e Servando Feijoo Gómez relativa a parcela de 53 m2 sita no Parque municipal de Coutadas, ó constar a mesma como municipal integrante da propiedade nº 000306 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(325).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) ALBINO PÉREZ GONZÁLEZ. EXPTE. 15106/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 9.12.04, en relación coa reclamación de D. Albino Pérez González por danos persoais ocasionados por unha caída que sufriu a consecuencia de dous postes que sobresaían uns 10 cm da beirarrúa na esquiña da rúa Couto coa rúa Fernando Conde; visto para ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 03.02.05 e de acordo co informe proposta da devandita técnica do 02.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- “Desestimar a reclamación de don Albino Pérez González por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

2º.-Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

b) JOAQUÍN ADRIO POMAR. EXPTE. 16101/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 05.01.05, en relación coa reclamación de don Joaquín Adrio Pomar por danos no seu vehículo causados por un colector de lixo que golpeou a parte traseira esquerda na rúa Coutadas, visto o informe desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 17.02.05, e de acordo do informe-proposta da devandita técnica do 02.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de don Joaquin Adrio Pomar por non corresponder ao Concello a responsabilidade patrimonial dos danos, ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

c) EUSEBIA PURA GARCÍA. EXPTE. 162/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 05.01.05, en relación coa reclamación de Dna. Eusebia Pura García Cao por danos persoais ocasionados por unha caída ao tropezar cunha louseta en mal estado

no parque Eduardo Cabello, visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 17.02.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Eusebia Pura García Cao por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.-Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

d) LUISA FERNANDO PELETEIRO RODRÍGUEZ. EXPTE. 16438/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 13.01.05, en relación coa reclamación de D. Luis Fernando Peleteiro Rodríguez por danos ocasionados no seu vehículos ao colisionar na avda. Balaidos cunha base de hormigón sen sinalizar existente no centro da calzada, visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 17.02.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 28.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Estimar a reclamación de D. Luis Fernando Peleteiro Rodríguez indemnizándolle na contía de 314,00 €, correspondente ao valor da franquicia aboada en concepto de reparación de vehículo da súa propiedade.

2º.-Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

e) RAMONA QUINTIAN ANIDO. EXPTE. 15452/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 5.01.05, en relación coa reclamación de Dona Ramona Quintián Anido por danos persoais ocasionados por unha caída por mor do mal estado da beirarrúa na rúa Tomás Alonso, visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 17.02.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 28.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Ramona Quintián Anido e indemnizala coa cantidade de 4.794,96 euros.

2º.-Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

33(326).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN PÚBLICO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO, E XESTIÓN DE COBRO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 70443/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas para a contratación do referido servizo, visto o informe de fiscalización do 28.07.04 e o informe xurídico do 31.01.05, así como o escrito de 7.03.05 do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade no que se recollen as modificacións propostas pola Xunta de Voceiros aos devanditos pregos, e vista a proposta do concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, do 18.03.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 1.730.426,53 euros/ano, no caso de optar pola opción 1, ou de 1.755.663,78 euros, no caso de optar pola opción 2, para a xestión de servizo público de inmovilización, reitrada, depósito, e custodia de vehículos indembidamente estacionados na vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, reitrada, depósito e custodia de vehículos do Concello de Vigo, que se imputará á partida 222.0.0227.06.01 do vixente e sucesivos presupostos.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexerán a concesión administrativa do referido servizo, debendo integrarse a proposta do 7.03.05 polo departamento de Contratación para que sexa un grupo único o que se achega para a súa publicación.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

34(327).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO DVD “CESTOS DO MAR DE VIGO” EDITADO POLA CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 2755/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 11.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Ordenanza fiscal nº 41 reguladora dos prezos públicos pola subministración de libros, catálogos, cerámicas e outros artigos destinados á divulgación de actividades realizadas polo Concello dispón dun procedemento para o establecemento dos prezos públicos para a venda destes produtos.

O servizo de Patrimonio Histórico, por medio da Casa do Cesteiro promoveu e participou na produción dun documental de 26 minutos sobre os Cestos do Mar de Vigo, que contou coa subvención no ano 2003 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Finalizada no seu día a produción, presentarase publicamente este documental en colaboración co Museo do Mar de Galicia. Con motivo deste acto preténdese divulgar entre o público que o desexe este documental, para o cal se fixeron 500 copias en formato DVD.

O artigo 3 da Ordenanza citada establece o que segue:

“1.- As tarifas determinaranse mediante aprobación en cada caso pola Comisión de Goberno sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel.

2.- Este prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o valor engadido.”

Os gastos municipais derivados da edición dos DVD, e cálculo do prezo público proposto, recóllese no cadro seguinte:

Concepto	€
Locución en galego	1.131
Deseño de portada e “galleta”	417,60
Copia 500 discos DVD con caixa e carátulas	1.450
TOTAL	2.998,6
CUSTO C/ EXEMPLAR SEN IVE	6
+15% DISTRIBUCIÓN ¹ (0,90 euros)	6,90
- REDUCCIÓN DO 30,3% (-2,07 euros) ²	- 2,09
TOTAL C/EXEMPLAR SEN IVE	4,81
IVE 4%	0,192
PREZO VENDA Ó PÚBLICO PROPOSTO	5,00

¹ A distribución farase na tenda do Museo do Mar de Galicia.

² O artigo 3.1. da Ordenanza permite a redución de ata o 50% do prezo. Enténdese que dada a finalidade educativa e divulgativa do DVD, procede facer unha redución que deixe o PVP en 5 euros.

Por todo o dito propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1. Establecer un prezo público de 5 € / exemplar do DVD “Cestos do Mar de Vigo” editado pola concellería de Patrimonio Histórico.
2. Destinar 375 exemplares á venda e 125 para a súa distribución gratuíta entre entidades e asociacións culturais e educativas de Vigo e atencións protocolarias que correspondan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(328).- SOLICITUDE DE AUMENTO DA LOCOMOCIÓN DO PERSOAL DE CONSERXERÍA ATA 70 KMS/MENSUAIS. EXPTE. 15667/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da xefa de Conserxería municipal, de data 9.03.05, conformada polo concelleiro-delegado de Réxime Interior, pola que propón o incremento da autorización aos alguacís dos que dispón neste intre no seu departamento, para a realización da locomoción de ata 70 kms mensuais, xa que o número de notificacións aumentou considerablemente e

disminuíu o persoal, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 15.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Aumentar a locomoción do persoal encargado das notificacións adscrito á Conserxería Municipal, ata un máximo de 70 kms mensuais.

36(329).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE CENTRAL E DA POLICÍA LOCAL POR TRABALLOS REALIZADOS CON MOTIVO DO REFERENDUM DA CONSTITUCIÓN EUROPEA. EXPTE. 220/234.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Estatística e coordinadora electoral, do 2.03.05, que di o seguinte:

Con data 15 de xaneiro deste ano, publicouse no Boletín Oficial do Estado, o Real Decreto de Convocatoria para o Referendum sobre a Constitución Europea.

Dita convocatoria, obrigou ó concello a realizar unha serie de tarefas, as cales fixéronse polos empregados municipais fora da xornada habitual de traballo. En concreto, estas tarefas foron:

As desempeñadas polo persoal da Policía Local nas notificacións ós membros elixidos nas mesas electorais de Vigo.

As desempeñadas polo persoal do Parque Central de Servicios Municipal, que consistiron en preparar e construír novas carteleiras de propaganda electoral e instalalas e retiralas nos lugares fixados a tal fin. Reparar as cabinas e urnas deterioradas. Preparar, repartir e instalar nos colexios electorais, urnas, papeletas, sobres, cadeiras, mesas e cabinas de votacións. Montar e desmontar algúns colexios electorais o día anterior ás votacións para impedir a paralización da súa actividade normal, Reparación de accesos e deficiencias eléctricas, limpeza a retirada do material destes colexios, e moitas delas a primeiras horas do día seguinte á votación, para ter a súa actividade normal. Endemáis, estes empregados estiveron toda a xornada electoral, para resolver calqueira incidencia que poidera presentarse.

As horas adicadas fora da xornada habitual de traballo, veñen refrendadas pola Xerencia do Parque Central de Servicios e pola Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vigo.

Polo tanto, e co cargo a partida de productividade do vixente Presuposto Municipal, fáise a seguinte PROPOSTA:

Sexa aboada a cantidade de 27.663,65€ ao persoal da Policía Local segundo cadro anexo no que consta as horas realizadas por cada funcionario, e as súas respectivas cantidades, as cales fixéronse dacordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

Sexa aboada a cantidade 8.491,84€ ao persoal do Parque Central de Servicios Municipal, segundo cadro anexo, o cal se corresponde coa metade das horas realizadas polos empregados e que lle corresponde aboar o concello. As cantidades fixéronse tamén dacordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

Consta no expediente informe de fiscalización de Intervención Xeral, do 4.06.03 no que se fai constar que existe crédito suficiente para afrontar o gasto que se propón mediante a partida de Productividade, e informe do xefe da Unidade de Persoal advertindo que “ao marxe da posibilidade técnica de retribuir esta dedicación extraordinaria a traveso de complemento de produtividade, a Administración Xeral do estado ven contemplando en determinados casos a posibilidade de aboamento deste tipo de colaboracións mediante fondos estatais, condicionando dito pago a que os perceptores non fosen retribuídos por este mesmo concepto con cargo a fondos municipais e que tampouco fosen obxecto de compensación horaria de descanso”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, á vista dos precedentes informes, acorda:

1º.- Sexa aboada a cantidade de 27.663,65€ ao persoal da Policía Local segundo cadro anexo no expediente, no que consta as horas realizadas por cada funcionario, e as súas respectivas cantidades, as cales fixéronse de acordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

2º.- Sexa aboada a cantidade 8.491,84€ ao persoal do Parque Central de Servicios Municipal, segundo cadro anexo no expediente, o cal se corresponde coa metade das horas realizadas polos empregados e que lle corresponde aboar o concello. As cantidades fixéronse tamén de acordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

3º.- Condicionase o aboamento destas productividades a que non exista duplicidade cos gastos electorais que son retribuídos pola Administración xeral do Estado.

37(330).- DENUNCIA DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO VIAL CA-4 DO PLAN PARCIAL “O POMBAL”. EXPTE. 4518/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón Xeral do Servizo de Xestión, do 2.03.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

D. José Carlos Alonso Pena, na súa cualidade de presidente da Xunta de Compensación do Plan Parcial "O Pombal" o 26 de marzo de 1998, presenta proxecto de urbanización do devandito plan parcial.

O proxecto ten por obxecto a execución integral da obra urbanizadora correspondente á unidade de execución nº 1 de acordo coas previsións do plan parcial aprobado e neste sentido, coa data 27 de agosto de 1998, é emitido

informe técnico favorable polo Departamento de Planeamento e Xestión significando que o proxecto se axusta ó Plan Parcial aprobado definitivamente o día 28 de setembro de 1994, contendo entre os seus aspectos máis salientables o establecemento dun sistema separativo de saneamento, verquindo os pluviais ó río Lagares que bordea o límite do ámbito polo norte e conectando os fecais ó colector de borde do río, pasando baixo o leito deste. O presuposto de execución material ascende a 197.566.870 ptas.

Coa data do 2 de novembro de 1998, é emitido informe polo director dos Servizos Técnicos da Xerencia en canto a conexión do sistema viario da U.E. Pombal co entorno da rede urbana, significando a necesidade de tramitar un proxecto de obra de acondicionamento do Camiño Pontenova custeado polos promotores da devandita unidade de execución. En canto ó abastecemento de gas e alumeadado público é emitido informe favorable polo Departamento de Aforro Enerxético coa data do 10 de decembro de 1998.

Coa data do 19 de febreiro de 1999 é presentado pola Xunta de Compensación proxecto complementario de ensanche e mellora do firme do camiño de Baixada á Pontenova, sendo informado favorablemente polos Servizos Técnicos coa data do 1 de marzo de 1999, consistindo este na ampliación a doce metros do actual camiño Baixada á Pontenova, cunha calzada de sete metros e dúas beirarrúas de dous metros e medio cada unha, un firme de nova construción, evacuación de augas pluviais e alumeadado público. Os terreos foron adquiridos polo solicitante, excepto a parcela nº 1, cesión derivada do PEPRI Finca do Conde e a parcela 6 que se trata de terreos públicos.

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 5 de marzo de 1999, acordou aprobar inicialmente o proxecto de urbanización así como o seu complementario de urbanización do Camiño Baixada á Pontenova, acordando a apertura do trámite de información pública así como requirindo ós promotores para subsanar deficiencias baseadas na necesidade de ampliación da ponte do río Lagares.

Os anuncios sometendo o expediente a información pública foron insertados na prensa, Faro de Vigo e Voz de Galicia, de data 19 de marzo de 1999 e no DOG nº 60 do 29 de marzo de 1999, e durante o período de información pública NON se presentou ningunha alegación.

O 24 de maio de 1999 os promotores do presente expediente presentan documentación subsanando deficiencias observadas na aprobación inicial do expediente, sendo emitido informe favorable pola Oficina Técnica de Planeamento coa data do 25 de maio do mesmo ano.

Por acordo de 21 de xuño de 1999 o Consello da Xerencia de Urbanismo procedeu á aprobación definitiva do proxecto de urbanización do Plan Parcial "O Pombal" presentado por d. José Carlos Alonso Pena en cualidade de Presidente da Xunta de Compensación e redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Alberto Moreno García e visado os días 26 de xaneiro de 1998, así como o seu complementario de urbanización do vial de Baixada á Pontenova redactado tamén polo mesmo enxeñeiro de camiños e visado o día 26 de outubro de 1998 e 27 de maio de 1999. O antedito acordo foi notificado ós interesados e publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O 24 de marzo de 2004, Don Jose Luis Rocha Portela presenta denuncia contra "Residencial Os Aires" polos seguintes motivos: Colocación dunha tubería de saneamento por unha finca privada sen autorización dos propietarios, construción de muro sen facerse cargo da reposición do que antes existía, por causar danos a unha vivenda unifamiliar.

Con posterioridade, Don Jose Luis Rocha Portela reitera a súa denuncia en escritos de 19 de outubro, 2 de decembro e 16 de febreiro.

Según o informe (25.2.2005) do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, a denuncia foi remitida o 31.03.04 á Xunta de Compensación. O informe reproduce o contido doutro de 7 de maio de 2004: "...Las obras que se denuncia, se ajustan y están incluidas, en el Proyecto de Urbanización del Plan Parcial <O Pombal> (Exp-4080/401) aprobado definitivamente el 24/6/99 sin que se presentasen alegaciones en su periodo de exposición pública. No obstante lo anterior es conocida la reclamación de particulares sobre la titularidad de un vial existente, que se incluye como prolongación de la calle CA-4 del proyecto mencionado, cuestión que debe resolverse en las instancias adecuadas. Sobre daños producidos o no por la ejecución de obras de urbanización con autorización municipal, debe serguirse un procedimiento que comience con la presentación por quien reclama, de los datos y pruebas que correspondan. De la inspección del lugar donde se citan las deficiencias en la vivienda nº 42, se observan obras fuera del tramo de la calle en litigio, y fisuras en el muro de esa vivienda, sin poder documentar su edad y origen. De nuevo se pondrá en conocimiento de la Junta de Compensación, estos hechos..."

DISPOSICIONES LEGALES APLICABLES

- 1.- Constitución Española (artículos 9, 103, 148.1.3, 149.1.18º etc...)
- 2.- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- 3.- Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- 4.- Real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.
- 4.- Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. Real decreto 429/93, de 4 de agosto, polo que se regula o procedemento en materia de responsabilidade patrimonial.

FUNDAMENTOS LEGAIS E XURÍDICOS

1. *Natureza xurídica da Xunta de Compensación e responsabilidade dos danos producidos a terceiros.- As xuntas de compensación son entidades de natureza administrativa, personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. A natureza administrativa ven unicamente referida ás actividades públicas da xunta, dado que existe unha parte da súa actividade está sometida ó dereito privado. Así se pronunciaron numerosas sentencias do Tribunal Supremo e entre outras, á da sala do contencioso admistrativo de 30.10.1989: "... Ya en otro sentido ha de recordarse que la Junta de Compensación integra un supuesto de autoadministración: son los propios interesados los que desarrollan la función pública de la ejecución del planeamiento en virtud de una delegación que hace de la Junta un agente descentralizado de la Administración de suerte que aquélla tiene naturaleza administrativa (FJ 3º).. La ejecución del planeamiento es claramente en nuestro ordenamiento jurídico una función pública -art. 114,1 del Texto Refundido de la Ley del Suelo (RCL 1976\1192 y ApNDL 1975-85, 13889)- en la que los propietarios del suelo a urbanizar pueden asumir mayor, menor e incluso nulo protagonismo según el sistema de ejecución que se aplique -compensación, cooperación o expropiación. Es en el de compensación donde aparece con mayor intensidad la participación de los propietarios dado que son ellos mismos -art. 126,1 del Texto Refundido- los que asumen la carga no ya de costear la urbanización sino de llevarla a cabo por sí mismos. Y ello mediante la constitución de una Junta de Compensación en la que se integra toda la propiedad del polígono: todos los propietarios son miembros de dicha Junta y las propiedades de los que no se incorporan son adquiridas por aquélla mediante expropiación. Y lo que en este momento importa destacar es que la Junta de Compensación actúa como fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre las fincas pertenecientes a los propietarios que son sus miembros -art. 129,2 del Texto Refundido-. Tal titularidad habilita a la Junta para disponer de las fincas mediante el proyecto de compensación, dentro del cual puede reservarse aquella superficie o parcelas para enajenarlas directamente con el fin de sufragar los gastos de urbanización -arts. 172,d) y 177,1 del Reglamento de Gestión Urbanística (FJ 2º)...". A contratación e execución das obras de urbanización pola Xunta de Compensación, se rixen polas*

normas de dereito privado pese a que a propia Lei 9/02 obriga a respetar os principios de publicidade e concurrencia (artigo 133), esixencia que ven derivada da Xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e acollida pola normativa autonómica a partir do ano 2002. Pese a tal previsión a natureza dos contratos de obras que celebra a Xunta de Compensación, son de natureza privada realizada entre persoas físicas ou xurídicas alleas ó ámbito do Dereito Público, que pola súa finalidade precisan da observancia dos principios de publicidade e concurrencia. Dada a natureza do contrato, enténdese que non é de aplicación o artigo 97 do real decreto lexislativo 2/2000, polo que se regula o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, cando analiza a responsabilidade dos contratistas polos danos e perxuízos que causen estes a terceiros. Según o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas emitido paro o efecto, as obras denunciadas axústanse e están incluídas no proxecto de urbanización do plan parcial "O Pomabal". Por outra parte, a execución material das mesmas estánse a realizar baixo as directrices da Xunta de Compensación, contando unicamente coa autorización do Concello para a realización das mesmas, derivada da aprobación do proxecto de urbanización. En ningún caso, concorre causa de imputación pola que se establezca unha relación entre o dano producido á reclamante e funcionamento normal ou anormal deste Concello. En efecto, a acción que supostamente produce o dano ó reclamante, é realizada única e exclusivamente pola Xunta de Compensación. Todas as indemnizacións derivadas da produción de danos a terceiras persoas non incluídas dentro da Xunta de Compensación, deberán estar incluídas nos gastos de urbanización e serán obxecto de equidistribución entre os membros dela. Polo tanto, aunque non se reclamara expresamente, a acción que provocou o dano ó reclamante é imputable única e exclusivamente á Xunta de Compensación. Enténdese que o Concello actuou coa dilixencia debida, dado que comprobou que as obras que está a executar a Xunta de Compensación, están contidas no proxecto de urbanización. En definitiva, deberá darse traslado da reclamación plantexada á Xunta de Compensación.

2. *Inadmisibilidad da solicitude de revisión do proxecto de urbanización.- O proxecto de urbanización do plan parcial "O Pomabal" foi aprobado definitivamente o 21 de xullo de 1999. O antedito acordo foi notificado ós interesados e publicado no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Contra o citado acordo o interesado non interpuxo ningunha reclamación ou recurso, polo tanto o mesmo é firme. A natureza e contido do proxecto de urbanización, non é a axeitada para dilucidar cuestións relativas á propiedade dos terreos. No curso do procedemento para a execución do planeamento polo sistema de compensación, existen diversos momentos nos que se comproba a titularidade dos afectados pola execución do ámbito do plan parcial. Calquera controversia derivada da titularidade das parcelas incluídas no sector, é obxecto da análise e discusión propia da orde xurisdiccional civil. Por outra parte, dada a firmeza do acto de aprobación definitiva do proxecto de urbanización (Consello da XMU, 21.6.99), non procede a admisión do recurso por transcurso do prazo legalmente establecido (entédese que de reposición, artigo 110.2 e 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común). Así mesmo, dada a natureza do proxecto de urbanización e por analogía ás licencias de obras, non pode esquecerse que a aprobación daquel enténdese realizado a salvo do dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros. Polo tanto, non procede a admisión da solicitude do recurso plantexado contra o proxecto de urbanización.*
3. *Órgano competente para a resolución do presente expediente.- De acordo co previsto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia actual para a adopción do acordo que se propoñe, é a Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Remitir á Xunta de Compensación as reclamacións presentadas por Don Jose Luis Rocha Portela pola execución de obras de urbanización realizadas pola Xunta de Compensación de "O Pombal".
2. Inadmitir o recurso interposto ó acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización do plan parcial "O Pombal", por presentarse fora do prazo legalmente establecido e por non ser esta Administración a competente para dirimir controversias de tipo civil.
3. Comunicar ó interesado que de acordo co previsto na Lei 30/92 e Lei 29/98, contra o presente acordo non cabe recurso en vía administrativa, non obstante, pode interpor recurso contencioso administrativo perante o xulgado do aludido orde no prazo de dous meses dende a recepción da notificación do acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

38(331).- SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR LICENZA ANULADA NA RÚA MARQUÉS DE ALCEDO. DESESTIMADA. EXPTE. 4535/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 3.03.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 26/07/1989 a Comisión Municipal de Goberno do Concello de Vigo acordou conceder licenza de obras á comunidade hereditaria de D. David Álvarez para realizar "conforme ao proxecto presentado obras de rehabilitación e cambio de distribución interior sen modifica-la estrutura, do edificio existente na 1ª Travesía de Marqués de Alcedo 4" (expte. 5275/421).

No 13/11/1989 o entón Alcalde-Presidente resolveu suspender as obras que se estaban executando na parcela de referencia, ó resultar disconformes coa licenza concedida e incorrer en infracción urbanística grave (expte. 2530/423). Os infractores derrubaron totalmente a construción preexistente, en lugar de rehabilitala "sen modifica-la estrutura".

2º.- O 16/01/1990 a Comisión Municipal de Goberno acordou: "autorizar a reconstrución das fachadas do edificio derrubado que se sitúa no nº 4 da Travesía Marqués de Alcedo" (expte. 7051/421).

Os titulares da parcela continuaron executando obras ilegais na devandita finca, disconformes coa licenza e autorización concedidas, motivo polo cal en senllas Resolucións posteriores do 03/09/1990 e 19/09/1990 do entón Alcalde-Presidente ordenouse a súa paralización (expte. 3203/423).

3º.- Dita orde de suspensión foi incumprida polos infractores, continuándose as obras de edificación ata a súa conclusión.

En data 18/10/1991 a Comisión Municipal de Goberno acordou denegar unha solicitude de legalización do edificio en cuestión (expte. 10065/421).

Sen embargo, no 27/08/1993 a Comisión Municipal de Goberno acordou autoriza-la legalización da edificación construída, amparándose na nova ordenación do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993 (expte. 15455/421).

4º.- En datas 23/02/1995 e 09/03/1995 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza dictou senllas Sentenzas nos recursos cont.-ad. respectivos 2/5070/1993 e 2/5175/1993 promovidos por D. Samuel Janeiro Carrete e D. Gonzalo Guillermo Domínguez González. Nelas anulouse a licenza de legalización do 27/08/1993 antes citada, entre outros motivos por incumprimento de recuamentos a lindeiros e por incorrer en desviación de poder o PXOU-93 na nova ordenación establecida nesa finca. Ambas sentenzas foron confirmadas en casación polo Tribunal Supremo nas súas respectivas sentenzas do 23/09/2000 e 25/09/2000 (recs. casación 4224/95 e 4496/95). Despois de reiterados requirimentos, a edificación lixitixosa foi derrubada no ano 2003.

5º.- En data 09/05/2003 a entidade mercantil "Mirador 3000 SL" presentou na Xerencia de Urbanismo solicitude de nova licenza de obras maiores para construír un edificio de 43 vivendas (5 plantas, baixo cuberta e 4 sotos) no lugar de referencia (expte. 46619/421). No momento presente aínda non se concedeu esa nova licenza.

6º.- No 16/04/2004, transcorridos varios anos dende a firmeza das referidas Sentenzas anulatorias da licenza de legalización, D. Paulino Pampillón Pérez, no seu nome e no da entidade mercantil "Construcciones y Proyectos Construproyec SL" interpuxo nesta Administración municipal unha reclamación indemnizatoria. Solicitou nela a cantidade de 617.446,37 euros polos danos e prexuízos supostamente padecidos como consecuencia da anulación xudicial das citadas licenzas de obras.

7º.- No 30/07/2004 o Xerente de Urbanismo emitiu un Oficio no que tomou coñecemento da reclamación presentada e requiríulle á oficina de licenzas urbanísticas a emisión dun Informe ó respecto.

No 23/08/2004 a técnico de administración xeral da oficina de licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiu un Informe sobre os antecedentes do caso, co que achegou diversa documentación acreditativa dos feitos antes referidos (fols. 102-159 do expte.).

O 20/09/2004 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo acordou abrir un trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles. Notificouse a apertura de dito trámite ós interesados, xunto cunha relación dos documentos obrantes no expediente.

No día 13/10/2004, D. Paulino Pampillón Pérez, no seu propio nome e no da entidade mercantil "Construcciones y Proyectos Construproyec, SL" presentou un escrito de alegacións, ratificándose na súa reclamación indemnizatoria primixenia.

No 14/12/2004 o técnico de administración xeral emitiu Informe xurídico e proposta de resolución desestimatoria da indemnización solicitada. A continuación remitíuse unha copia compulsada do expediente ó Consello Consultivo de Galicia para o seu Dictame preceptivo.

8º.- En data 17/02/2005 o Consello Consultivo de Galicia emitiu o seu Dictame, en senso favorable á proposta de desestimación da reclamación indemnizatoria (CCG 14/05). Motivouse o dictame en primeiro lugar na extemporaneidade da solicitude e, en segundo, na falla de antixuricidade na actividade administrativa e na mala fe dos reclamantes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O Art. 44.2 Lei 6/1998, do 13 de abril, do Réxime do Solo e Valoracións (LSV) preceptúa que: "Cando se produza a anulación dunha licenza, demora inxustificada no seu outorgamento ou a súa denegación improcedente, os prexudicados poderán reclamar da Administración o resarcimento dos danos e prexuízos causados, nos casos e coa concurrencia dos requisitos establecidos nas normas que regulan con carácter xeral dita responsabilidade. En ningún caso haberá lugar a indemnización se existe dolo, culpa ou negligencia graves imputables ó prexudicado".

Consecuentemente, a reclamación indemnizatoria formulada por D. Paulino Pampillón Pérez e a mercantil "Construcciones y Proyectos Construproyec SL" por suposta responsabilidade patrimonial da Administración municipal debe tramitarse consonte co disposto nos Arts. 139 e ss. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRXA-PAC), R.D. 429/1993, do 26 de marzo, Art. 54 Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) e Arts. 223 e ss. R.D. 2568/1986, do 2 de novembro (ROF).

Debido ó tempo transcorrido dende a data de interposición da reclamación indemnizatoria (16/04/2004), podería considerarse desestimada por silencio administrativo negativo (art. 142.7 LRXA-PAC). Sen embargo, o art. 42.1 LRXA-PAC obriga a resolver expresamente en todo caso, aínda que previamente se teñan producido os efectos do silencio administrativo, precisando o art. 43.4.b) da mesma Lei que: "Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen vinculación ningunha ó sentido do silencio". Procede en consecuencia resolver este procedemento de responsabilidade patrimonial, co exame do fondo das cuestións plantexadas no mesmo.

II.- PRESCRIPCIÓN DA ACCIÓN INDEMNIZATORIA.

O Art. 142.4 LRXA-PAC dispón que: "A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativas non presupón dereito á indemnización, pero se a resolución ou disposición impugnada o fose por razón do seu fondo ou forma, o dereito a reclamar prescribirá ó ano de se dicta-la sentenza definitiva, e non será de aplicación o disposto no punto 5".

Neste caso as dúas Sentenzas firmes anulatorias da licenza de legalización da edificación de referencia dictáronse nos días respectivos 23/02/1995 e 09/03/1995. Adquiriron firmeza en setembro de 2000, cando foron confirmadas polo Tribunal Supremo (recs. casación 4224/95 e 4496/95).

Sen embargo, D. Paulino Pampillón Pérez interpuxo a súa reclamación indemnizatoria no día 16 de abril de 2004, despois de transcorrido un prazo superior a un ano dende a adquisición de firmeza das citadas resolucións

xudiciais. Consecuentemente, a súa acción indemnizatoria prescribira tempo atrás, debendo ser desestimada por este único motivo.

Así o recoñeceu o Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 5ª) na súa Sentenza do 20/10/1997 referida a un suposto análogo. Os criterios establecidos na mesma reitéranse nas posteriores Sentenzas do mesmo Tribunal do 20/03/2001 (relator: Sr. Mateos García), 11/02/2000 (f.d. "8ª", Arz. RJ 2000\2728), 07/03/1998 (Arz. RJ 1998\3242), 26/01/1994 (RJ 252) e 12/01/1995 (RJ 41), confirmadas as dúas últimas polo Tribunal Constitucional nas súas sentenzas 42/1997 do 10 de marzo e 160/1997, do 2 de outubro.

O Consello Consultivo de Galicia aceptou a mesma tese, en supostos acaecidos en Vigo, nos seus Dictames do 24/01/2003 (núm. 762/02) e, especialmente, do 17/02/2005 (núm. 14/05). Afírmase neles que o disposto no art. 142.4 LRXA-PAC debe interpretarse literalmente, nos seus propios termos ('in claris non fit interpretatio'). Norma legal que prevalece sobre o afirmado pola xurisprudenza en aplicación de preceptos anteriores. Sinalou así o Consello Consultivo neste procedemento que:

"(...) hai que entender que a data do comezo do prazo de prescrición, no presente caso, era a correspondente á da notificación da sentenza á que se refire o art. 142.4, por ser exercitable xa nese momento a acción de reclamación, na liña do esixido pola teoría da actio nata. Soste-lo contrario equivalería a admiti-la definición e o mantemento unilateral indefinido tanto da constitución do dano como da súa contía, estremos que non poden quedar á exclusiva espera do prexudicado".

III.- DOLO OU NEGLIXENCIA NA ACTUACIÓN DO RECLAMANTE - RELACIÓN DE CAUSALIDADE

Con carácter complementario, debe tamén considerarse a mala fe e culpabilidade do propio reclamante na causación do feito orixinario da suposta responsabilidade administrativa. Efectivamente, o problema xurdíu como consecuencia do seu incumprimento da Licenza do 26/07/1989 concedida para unha mera "reforma interior" na construción preexistente, en situación de fóra de ordenación, sen modificación da súa estrutura. Incumprimento do que se derivou a derruba da vivenda e a construción dunha edificación de nova planta, non amparada en licenza ningunha. Os actos posteriores desta Administración municipal, tendentes á súa legalización, foron provocados polo propio reclamante, cando a infracción xa estaba consumada e a edificación concluída (sen ampararse en ningún título administrativo municipal). Pois ben, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sinalou en moitos casos similares, e especialmente na súa Sentenza do 29/07/1998 (relator: Ilmo. Sr. Méndez Barrera) que a negligencia e mala fé nos que incorreu o damnificado provocando o acto anulado enervan a responsabilidade da Administración.

Do antedito derívase tamén a inexistencia dunha relación de causalidade entre a actuación administrativa e a lesión supostamente padecida polo reclamante, pois a edificación erixiuse antes ca licenza de legalización logo anulada xudicialmente. Conclusión alcanzada polo propio Consello Consultivo de Galicia nos seus Dictames do 24/01/2003 e 17/02/2005 xa citados (CCG 762/02 e 14/05).

Os anteriores motivos son suficientes para desestimar a referida reclamación indemnizatoria. Con independencia e sen prexuízo delo, a concreta cuantía reclamada tampouco se pode aceptar, ó exceder con creces do presuposto do proxecto de legalización autorizado pola licenza anulada.

IV.- É competente para resolver este procedemento a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación de indemnización de 617.446,37 euros formulada por D. Paulino Pampillón Pérez no seu propio nome e no da entidade mercantil "Construcciones y Proyectos Construproyec, SL", con motivo da anulación xudicial da licenza de legalización da edificación sita na Primeira Travesía de Marqués de Alcedo núm. 4. (expte. 4535/401).

SEGUNDO: Notifíquese o texto íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo. Notifíquese tamén ó Consello Consultivo de Galicia e ás oficinas municipais de licenzas, disciplina urbanística e servizos centrais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

39(332).- PROPOSTA PARA CONCERTAR A OPERACIÓN DE PRÉSTAMO 2005. Expte. 100557/140.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Interventora Xeral do 14.03.05 e de conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Área de Xestión Municipal, do 18.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as condicións e características ás que quedará suxeita a operación de crédito a concertar por un importe de 18.523.258,19 €, que figuran no Estado de Ingresos do Presuposto no concepto 917.00.

2º.- Aprobar o modelo de contrato, que consta no expediente, a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.

3º.- Someter o procedemento a Publicidade, insertando un anuncio nos periódicos de maior tirada na cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.

40(333).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE SEIS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POLO PERÍODO DE TRES MESES. Expte. 15669/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.03.05, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 18 de xaneiro de 2005, a directora de Ingresos solicitou a adscripción de dous auxiliares administrativos, para paliar de xeito urxente a grave situación na que se atopaba a administración de tributos en canto a falta de medios humanos, que afectaba de forma grave a xestión de ingresos e en particular, a atención ós contribuíntes en ventanilla.

Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), executada no pasado ano, preveíase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.

Consecuentemente, resultou preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas, polo que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 7 de febreiro pasado, autorizou o pertinente proceso selectivo para proceder a contratación de dous auxiliares administrativos, por acumulación de tarefas, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 3 de marzo actual.

Con data 14 de marzo de 2005, a xefa de Estatística solicita a adscripción de dous auxiliares administrativos con carácter urxente, xa que na actualidade o referido servizo conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal administrativo, o que leva a que nesta situación non sexa posible diluír as baixas por enfermidade, e mesmo as vacacións regulamentarias sen que se afecte de forma grave á atención ós contribuíntes en ventanilla, provocando colas interminables de cidadáns.

Asi mesmo, o xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e a xefa do Gabinete da Alcaldía, mediante escritos de datas 3 de febreiro e 14 de marzo do ano que andamos, solicitan reforzo de persoal –o primeiro deles para cubrir baixas laborais e o incremento de traballo que supuxo a posta en marcha do vehículo “visual car” e a segunda para dotar á oficina de xestión de medios humanos con motivo do “bando do deber e mantemento das condicións de ornato dos inmobles, solares, terreos, construcións vías e espacios de uso público”.

Na acta de data 2 de marzo de 2005, da comisión de valoración encargada da selección de dous auxiliares administrativos antes mencionada, figuran D^a. Ana Belén Vieira Aguayo, NIF 53.172.938-C, D. Julio Rivero Otero, NIF 36.102.859-N, D^a. Rocío del Carmen Pérez Lago, NIF 36.109.172-T, D^a. Sonia M^a. Lojo Montenegro, NIF 36.109.906-K, D^a Nuria Fidalgo González e D^a Anna María Gabrieli, aspirantes que superon a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos nºs 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º respectivamente.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, a lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego, como un servicio público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:....”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformadada pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos como auxiliares administrativos/as por un periodo de tres meses (do 1 de abril ao 30 de xuño de 2005) a D^a. Ana Belén Vieira Aguayo, NIF 53.172.938-C, D. Julio Rivero Otero, NIF 36.102.859-N, D^a Rocío del Carmen Pérez Lago, NIF 36.109.172-T, D^a. Sonia M^a. Lojo Montenegro, NIF 36.109.906-K, D^a Nuria Fidalgo González, NIF 36.118.503-Q e D^a Anna María Gabrieli, NIF X-3.833.964-W, aspirantes que superon a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos nºs 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º, respectivamente, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, do 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

2º.- O referido persoal prestará os servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais demandantes das contratacións propostas e percibirá as retribucións correspondentes ao posto cód. 140-auxiliares administrativos.

41(234).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molarez Pérez.